

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

9233 *Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A presente reforma da lexislación civil e procesual pretende dar un paso decisivo na adecuación do noso ordenamento xurídico á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, feita en Nova York o 13 de decembro de 2006, tratado internacional que no seu artigo 12 proclama que as persoas con discapacidade teñen capacidade xurídica en igualdade de condicións coas demais en todos os aspectos da vida, e obriga os Estados parte a adoptar as medidas pertinentes para lles proporcionar ás persoas con discapacidade o acceso ao apoio que poidan necesitar no exercicio da súa capacidade xurídica. O propósito da convención é promover, protexer e asegurar o gozo pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais por parte de todas as persoas con discapacidade, así como promover o respecto da súa dignidade inherente.

Coa manifestación deste obxectivo, a convención introduce importantes novidades no tratamento da discapacidade, ademais de lles exixir aos Estados parte que en todas as medidas relativas ao exercicio da capacidade xurídica se proporcionen salvagardas adecuadas e efectivas para impedir os abusos, de conformidade co dereito internacional en materia de dereitos humanos. Esas salvagardas asegurarán que as medidas relativas ao exercicio da capacidade xurídica respecten os dereitos, a vontade e as preferencias da persoa, que non haxa conflito de intereses nin influencia indebida, que sexan proporcionais e adaptadas ás circunstancias da persoa, que se apliquen no prazo máis curto posible e que estean suxeitas a exames periódicos por parte dunha autoridade ou dun órgano xudicial competente, independente e imparcial. As salvagardas serán proporcionais ao grao en que as ditas medidas afecten os dereitos e intereses das persoas.

Imponse así o cambio dun sistema como o ata o de agora vixente no noso ordenamento xurídico, no cal predomina a substitución na toma das decisións que afectan as persoas con discapacidade, por outro baseado no respecto á vontade e ás preferencias da persoa, quen, como regra xeral, será a encargada de tomar as súas propias decisións.

A reforma do ordenamento xurídico español, que é consecuencia da ratificación por España do devandito tratado, iniciouse coa Lei 26/2011, chamada precisamente de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, e que se encargou de modificar numerosos corpos legais do noso dereito interno. A reforma continuou co Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, á cal deben sumarse a reforma do Código penal levada a cabo pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo; a nova lexislación de xurisdición voluntaria (Lei 15/2015, do 2 de xullo, modificada pola Lei 4/2017, do 24 de xuño, precisamente en

relación co dereito das persoas con discapacidade a contraer matrimonio en igualdade de condicións) ou as máis recentes Lei orgánica 1/2017, do 13 de decembro, de modificación da Lei orgánica 5/1995, do 22 de maio, do tribunal do Xurado, para garantir a participación das persoas con discapacidade sen exclusións, e a Lei orgánica 2/2018, do 5 de decembro, para a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral para garantir o dereito de sufraxio de todas as persoas con discapacidade.

A presente lei supón un fito fundamental no traballo de adaptación do noso ordenamento á Convención de Nova York, así como na posta ao día do noso dereito interno nun tema, como é o do respecto ao dereito de igualdade de todas as persoas no exercicio da súa capacidade xurídica, que vén sendo obxecto de atención constante nos últimos anos, tanto por parte das Nacións Unidas como polo Consello de Europa ou polo propio Parlamento Europeo e, como lóxica consecuencia, tamén polos ordenamentos estatais da nosa contorna.

A nova regulación está inspirada, como exige a nosa Constitución no seu artigo 10, no respecto á dignidade da persoa, na tutela dos seus dereitos fundamentais e no respecto á libre vontade da persoa con discapacidade, así como nos principios de necesidade e proporcionalidade das medidas de apoio que, de ser o caso, poida necesitar esa persoa para o exercicio da súa capacidade xurídica en igualdade de condicións cos demais. Respecto diso, debe tomarse en consideración que, como puxo en evidencia a Observación xeral do Comité de Expertos das Nacións Unidas elaborada en 2014, a dita capacidade xurídica abrangue tanto a titularidade dos dereitos como a lexitimación para exercelos.

II

Esta lei consta de oito artigos, dúas disposicións adicionais, seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O artigo primeiro modifica a Lei do notariado con oito puntos; o artigo segundo, con sesenta e sete puntos, modifica o Código civil; o artigo terceiro afecta a Lei hipotecaria e consta de nove puntos; o artigo cuarto reforma a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, con vinte e nove puntos; o artigo quinto modifica a Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, e distribúese en seis puntos; o artigo sexto modifica a Lei 20/2011, do 21 de xullo, do rexistro civil, e distribúese en dez puntos; o artigo sétimo, referido á Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, estrutúrase en vinte puntos; finalmente, o artigo oitavo, referido ao Código de comercio, estrutúrase en tres puntos.

III

A reforma que o artigo segundo introduce no Código civil é a máis extensa e de maior relevancia, pois senta as bases do novo sistema baseado no respecto á vontade e ás preferencias da persoa con discapacidade, o cal informa toda a norma e se extrapola a través das demais modificacións legais ao resto da lexislación civil e á procesual.

O título XI do libro primeiro do Código civil redáctase de novo e pasa a rubricarse «Das medidas de apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica», de xeito que o elemento sobre o cal pivota a nova regulación non vai ser nin a incapacitación de quen non se considera suficientemente capaz nin a modificación dunha capacidade que resulta inherente á condición de persoa humana e, por iso, non pode modificarse. Moi ao contrario, a idea central do novo sistema é a de apoio á persoa que o precise, apoio que, tal e como a xa citada Observación xeral de 2014 lembra, é un termo amplo que engloba todo tipo de actuacións: desde o acompañamento amigable, a axuda técnica na comunicación de declaracións de vontade, a ruptura de barreiras arquitectónicas e de todo tipo, o consello, ou mesmo a toma de decisións delegadas pola persoa con discapacidade. Cabe engadir mesmo que, en situacións onde o apoio non poida darse doutro xeito e só ante esa situación de imposibilidade, este poida concretarse na

representación na toma de decisións. É importante sinalar que poderá beneficiarse das medidas de apoio calquera persoa que as precise, con independencia de se a súa situación de discapacidade obtivo algún recoñecemento administrativo. É tamén relevante que, a diferenza do que facían os códigos decimonónicos, máis preocupados polos intereses patrimoniais da persoa que pola protección integral desta, a nova regulación trata de atender non só os asuntos de natureza patrimonial, senón tamén os aspectos persoais, como poden ser os relativos a decisións sobre as vicisitudes da súa vida ordinaria –domicilio, saúde, comunicacións, etc.–.

Non se trata, pois, dun mero cambio de terminoloxía que relegue os termos tradicionais de «incapacidade» e «incapacitación» por outros máis precisos e respectuosos, senón dun novo e máis acertado enfoque da realidade, que advirta algo que pasou durante moito tempo desapercibido: que as persoas con discapacidade son titulares do dereito a tomar as súas propias decisións, dereito que debe ser respectado; trátase, por tanto, dunha cuestión de dereitos humanos. E é que moitas limitacións vinculadas tradicionalmente á discapacidade non procederon das persoas afectadas por ela, senón da súa contorna: barreiras físicas, comunicacionais, cognitivas, actitudinais e xurídicas que rabenaron os seus dereitos e a posibilidade do seu exercicio. A reforma normativa impulsada por esta lei debe ir unida, por iso, a un cambio da contorna, a unha transformación da mentalidade social e, especialmente, da daqueles profesionais do dereito –xuíces e maxistrados, persoal ao servizo da Administración de xustiza, notarios, rexistradores– que deben prestar as súas respectivas funcións, por requirimento das persoas con discapacidade, partindo dos novos principios e non de visións paternalistas que hoxe resultan periclitadas.

Seguindo os precedentes doutros ordenamentos europeos e as directrices do Consello de Europa, á hora de concretar os apoios a nova regulación outorga preferencia ás medidas voluntarias, isto é, ás que pode tomar a propia persoa con discapacidade. Dentro das medidas voluntarias adquiren especial importancia os poderes e mandatos preventivos, así como a posibilidade da autocuratela. Fóra delas convén destacar o reforzamento da figura da garda de feito, que se transforma nunha propia institución xurídica de apoio, ao deixar de ser unha situación provisional cando se manifesta como suficiente e adecuada para a salvagarda dos dereitos da persoa con discapacidade. A realidade demostra que, en moitos supostos, a persoa con discapacidade está adecuadamente asistida ou apoiada na toma de decisións e no exercicio da súa capacidade xurídica por un gardador de feito –xeralmente un familiar, pois a familia segue sendo na nosa sociedade o grupo básico de solidariedade e apoio entre as persoas que a compoñen, especialmente no que atinxe aos seus membros máis vulnerables–, que non precisa dunha investidura xudicial formal que a persoa con discapacidade tampouco desexa. Para os casos en que se requira que o gardador realice unha actuación representativa, prevese a necesidade de que obteña unha autorización xudicial *ad hoc*, de modo que non será preciso que se abra todo un procedemento xeral de provisión de apoios, senón que será suficiente coa autorización para o caso, logo do exame das circunstancias.

A institución obxecto dunha regulación máis detida é a curatela, principal medida de apoio de orixe xudicial para as persoas con discapacidade. O propio significado da palabra curatela –coidado– revela a finalidade da institución: asistencia, apoio, axuda no exercicio da capacidade xurídica; por tanto, como principio de actuación e na liña de excluír no posible as actuacións de natureza representativa, a curatela será, primordialmente, de natureza asistencial. Con todo, nos casos en que sexa preciso, e só de maneira excepcional, poderán atribuírsele ao curador funcións representativas.

O valor do coidado, en alza nas sociedades democráticas actuais, ten particular aplicación no exercicio da curatela. Todas as persoas, e en especial as persoas con discapacidade, requiren ser tratadas polas demais persoas e polos poderes públicos con coidado, é dicir, coa atención que requira a súa situación concreta.

Seguindo este mesmo criterio, elimínanse do ámbito da discapacidade non só a tutela, senón tamén a patria potestade prorrogada e a patria potestade rehabilitada, figuras demasiado ríxidas e pouco adaptadas ao sistema de promoción da autonomía das persoas

adultas con discapacidade que agora se propón. Neste sentido, convén lembrar que as novas concepcións sobre a autonomía das persoas con discapacidade poñen en dúbida que os proxenitores sexan sempre as persoas máis adecuadas para favorecer que o fillo adulto con discapacidade logre adquirir o maior grao de independencia posible e se prepare para vivir no futuro sen a presenza dos seus proxenitores, dada a previsible supervivencia do fillo; a isto engádese que, cando os proxenitores se fan maiores, ás veces esa patria potestade prorrogada ou rehabilitada pódese converter nunha carga demasiado gravosa. Por iso, na nova regulación, cando o menor con discapacidade chegue á maioría de idade, prestaránselle os apoios que necesite do mesmo xeito e polo mesmo medio que a calquera adulto que os requira.

No novo texto recóllese tamén a figura do defensor xudicial, especialmente prevista para certo tipo de situacións, como aquela en que exista conflito de intereses entre a figura de apoio e a persoa con discapacidade, ou aquela en que exista imposibilidade conxuntural de que a figura de apoio habitual o exerza.

Todas as medidas de apoio adoptadas xudicialmente serán revisadas periodicamente nun prazo máximo de tres anos ou, en casos excepcionais, de ata seis. En todo caso, poden ser revisadas ante calquera cambio na situación da persoa que poida requirir a súa modificación.

Desde o punto de vista procedemental, cómpre sinalar que o procedemento de provisión de apoios só pode conducir a unha resolución xudicial que determine os actos para os cales a persoa con discapacidade requira o apoio, pero en ningún caso á declaración de incapacitación nin, moito menos, á privación de dereitos, sexan estes persoais, patrimoniais ou políticos.

Finalmente, suprímese a prodigalidade como institución autónoma, dado que os supostos previstos por ela atopan encaixe nas normas sobre medidas de apoio aprobadas coa reforma.

Unha reforma tan profunda como a que aquí se realiza obrigou a un notable número de modificacións lexislativas tanto no Código civil como noutras leis de indubidable importancia.

IV

Dentro do Código, a recolocación nos títulos XI e XII do libro primeiro da materia que nos ocupa obriga á reordenación do tema da minoría de idade, a maioría de idade e a emancipación, de xeito que o título IX do mencionado libro pasa a referirse á tutela e á garda dos menores, mentres que o título X se destina á maioría de idade e á emancipación. En consonancia co dito, a tutela, coa súa tradicional connotación representativa, queda reservada para os menores de idade que non estean protexidos a través da patria potestade, mentres que o complemento de capacidade requirido polos emancipados para o exercicio de certos actos xurídicos será atendido por un defensor xudicial.

Fóra xa deste marco, son moitas as normas xurídicas que en toda a extensión do Código civil requiren da oportuna adaptación á nova regulación da capacidade xurídica das persoas con discapacidade. Así, as normas afectadas por esta reforma van desde algunhas relativas ao dereito internacional privado, a nacionalidade, certas regras sobre os efectos das crises matrimoniais cando hai fillos maiores de idade con discapacidade que precisen apoio, o cal pode ter repercusións, por exemplo, na atribución da vivenda familiar, ou as regras sobre o establecemento da filiación cando hai implicados proxenitores ou fillos con discapacidade; tamén experimentan modificacións puntuais algúns preceptos relativos á sociedade de gananciais cando un dos cónxuxes precisar de medidas de apoio. Particularmente afectadas van resultar algunhas regras relativas ao dereito de sucesións e ao dereito de contratos, cuestións estas en que a capacidade de exercicio dos dereitos implica a posibilidade de realizar actos xurídicos de gran transcendencia, cuxa realización, validez e eficacia deben ser tratadas de conformidade coa nova perspectiva. Así mesmo, a comprensión das persoas con discapacidade como suxeitos plenamente capaces, na dobre dimensión de titularidade e exercicio dos seus dereitos, debe repercutir tamén de modo inelutable na idea de responsabilidade, o que debe comportar o correlativo cambio

no concepto de imputación subxectiva na responsabilidade civil por feito propio e nunha nova e máis restrinxida concepción da responsabilidade por feito alleo. Para manter a coherencia do sistema, a reforma fai tamén necesaria a modificación de dous preceptos do Código penal en materia de responsabilidade civil derivada do ilícito penal cando a dita responsabilidade recae sobre persoa distinta do autor do feito delituoso, así como a disposición adicional primeira, para adaptala á nova regulación. Aproveitase a reforma para corrixir o erro que implicaba a referencia aos imputables. Adicionalmente, refórmanse os artigos 4, 5 e 234 do Código de comercio para adaptalos á nova regulación do Código civil. Omítese en todos eles calquera referencia ás persoas con discapacidade con medidas de apoio por considerala innecesaria, dado que esta cuestión se rexerá polas normas xerais previstas no Código civil.

No ámbito do Rexistro da Propiedade, modifícanse os preceptos da Lei hipotecaria que se refiren á incapacitación ou aos incapacitados e suprímese o libro de incapacitados para adecuar a terminoloxía e os contidos normativos á Convención de Nova York, da cal deriva esta reforma. Por outra banda, elimínase o artigo 28 da Lei hipotecaria, dado que os supostos que eventualmente este artigo está chamado a protexer son moi residuais en comparación co prexuízo que ocasiona na sucesión de colaterais e estraños e a perturbación do tráfico, xerando situacións antieconómicas.

O Rexistro Civil convértese nunha peza central, pois fará efectiva a preferencia que o novo sistema lles atribúe ás medidas voluntarias previstas por unha persoa respecto de si mesma ou dos seus bens. Non obstante, o necesario respecto aos dereitos fundamentais da persoa con discapacidade, incluída a súa intimidade e a protección dos seus datos persoais, levaron a considerar que as medidas de apoio accedan ao Rexistro como datos sometidos ao réxime de publicidade restrinxida.

V

A adaptación normativa á Convención tamén debe estenderse ao ámbito procesual, de modo que se substitúen os tradicionais procesos de modificación da capacidade polos dirixidos a prover de apoios as persoas con discapacidade. Tal circunstancia permite, así mesmo, introducir algunhas modificacións na regulación dos procesos en que se exerce unha pretensión desas características, dirixidas a solucionar algúns problemas que se detectaron na práctica forense e que dan lugar a interpretacións diferentes entre os tribunais.

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, someteuse a unha revisión de conxunto na cal, máis alá das necesarias revisións terminolóxicas, se introduciron os axustes requiridos pola adaptación á Convención no exercicio das accións de determinación ou impugnación da filiación, nos procedementos de separación e divorcio e no procedemento para a división da herdanza.

A primeira modificación relevante encóntrase no artigo 7 bis, que se introduce tamén na Lei de xurisdición voluntaria. Neste artigo regúlanse as adaptacións e axustes nos procedementos en que participen persoas con discapacidade, con independencia de se o fan en calidade de parte ou noutra distinta, e que levarán a cabo en todas as fases e actuacións procesuais en que resulte necesario, incluídos os actos de comunicación. Adicionalmente, menciónase expresamente que se permitirá que a persoa con discapacidade, se o desexa e pola súa conta, se valla dun profesional experto que, a modo de facilitador, realice tarefas de adaptación e axuste.

É tamén importante o número 1 do artigo 756 da Lei de axuízamento civil, que establece que nos supostos en que, de acordo coa lexislación civil, sexa pertinente o nomeamento de curador e se formulase oposición no expediente previo de xurisdición voluntaria ou cando o expediente non se puidese resolver, os procesos de adopción de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade rexeranse polo disposto no dito capítulo. En caso de inexistencia de oposición, a provisión xudicial de apoios rexeráse polo disposto na lexislación de xurisdición voluntaria.

Trátase, por tanto, dunha reforma ambiciosa que opta pola canle da xurisdición voluntaria de maneira preferente, considerando de maneira esencial a participación da

propia persoa, facilitando que poida expresar as súas preferencias e intervindo activamente, e onde a autoridade xudicial solicite a información precisa, axustándose sempre aos principios de necesidade e proporcionalidade. Todo iso sen prexuízo de que o procedemento se transforme nun contraditorio. Pola súa banda, no número 3 dese mesmo precepto dáse solución ao problema derivado do cambio de residencia habitual da persoa con discapacidade cando se atopa pendente o proceso de provisión de apoios. Seguindo o criterio sentado pola Sala do Civil do Tribunal Supremo, neses casos as actuacións deberían remitírselle ao xuíz da nova residencia, sempre que non tivese lugar aínda a vista. Así, facilítase o desenvolvemento do proceso e achégase este ao lugar onde efectivamente se atopa a persoa con discapacidade.

O artigo 757 da Lei de axuízamento civil, nos seus números 3 e 4, tamén dá resposta a situacións que estaban a orixinar prácticas diversas nos tribunais. Por unha banda, permítese a presentación de alegacións por parte daquela persoa que na demanda apareza proposta como curador da persoa con discapacidade, o que posibilita contar con máis datos acerca da súa dispoñibilidade e idoneidade para asumir tal encomenda. Por outra, admítase a intervención pola súa conta no proceso de calquera dos lexitimados que non sexa promotor do procedemento ou de calquera suxeito con interese lexítimo, e evítase así que se xeren situacións de desigualdade entre os familiares da persoa con discapacidade, como sucedía con anterioridade, onde uns podían actuar con plenitude no proceso dada a súa condición de parte e outros, en cambio, só podían ser oídos en fase de proba.

As seguintes modificacións contéñense no artigo 758 da Lei de axuízamento civil e refírense ao momento de admisión da demanda e á comparecencia do demandado. En primeiro lugar, establécese que, unha vez admitida a demanda, débese obter dos rexistros públicos a información existente sobre as medidas de apoio adoptadas, para respectar a vontade da persoa con discapacidade. E, en segundo lugar, prescribíase o nomeamento dun defensor xudicial cando a persoa interesada, isto é, a persoa con discapacidade, non compareza, no prazo concedido para contestar a demanda, coa súa propia defensa e representación. Con iso conséguese que sempre exista alguén que defenda no proceso os intereses da persoa con discapacidade.

A regulación das probas que preceptivamente deben practicarse neste tipo de procesos reordénase no novo texto e, ademais, introdúcese no artigo 759.2 da Lei de axuízamento civil a posibilidade de que poidan non levarse a cabo as audiencias preceptivas cando a demanda a presente a propia persoa interesada e aquelas poidan invadir a súa privacidade, ao dar a coñecer á súa familia datos íntimos que ela prefira manter reservados. Adicionalmente, o proceso debe afastarse do esquema tradicional para pasar a orientarse cara a un sistema de colaboración interprofesional ou «de mesa redonda», con profesionais especializados dos ámbitos social, sanitario e outros que poidan aconsellar as medidas de apoio que resulten idóneas en cada caso. Por último, a diferenza do que sucedía na normativa anterior, o contido da sentenza que debe ditar o xuíz remítese ás normas de dereito civil que resulten de aplicación, ao se considerar unha cuestión máis de dereito substantivo que procesual.

VI

A reforma da Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, queda xustificada tanto pola introdución do novo expediente de provisión de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade como pola necesidade de que non haxa discrepancia entre os diversos textos legais, todo iso en prol dunha eficaz tutela dos dereitos das persoas.

Desta maneira, establécese un axuste entre a Lei da xurisdición voluntaria e a lexislación civil material no que respecta ao nomeamento do defensor xudicial de menores ou persoas con discapacidade.

En segundo termo, incorpórase un novo capítulo III bis relativo ao expediente de provisión de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade para os supostos en que, de acordo coas normas civís, sexa pertinente a previsión dalgunha medida xudicial de apoio de carácter estable e non exista oposición. Poderán promover este expediente o Ministerio Fiscal, a propia persoa interesada, o seu cónxuxe non separado de feito ou

legalmente ou quen se encontre nunha situación de feito asimilable, e os seus descendentes, ascendentes ou irmáns.

En relación co expediente para o nomeamento de titor (para o menor) ou curador (para a persoa con discapacidade), ademais dalgúñas adaptacións terminolóxicas, modifícase o procedemento para a rendición de contas do titor ou curador, para solucionar algunhas disfuncións detectadas durante estes case tres anos de vixencia da Lei da xurisdición voluntaria. Por unha banda, a comparecencia ante o xuíz non sempre debe ter lugar, senón só cando algún interesado o solicite, co que se evita a actual proliferación de vistas que na maioría das ocasións carecen de sentido ante a ausencia de complexidade e oposición ás contas presentadas. Por outra banda, permítese que o tribunal ordene de oficio, á custa do patrimonio do tutelado ou asistido, unha proba pericial contable ou de auditoría, mesmo cando ninguén solicitase a comparecencia, se no informe se describen operacións complexas ou que requiran unha xustificación técnica. Isto responde a unha necesidade que os tribunais puxeron de manifesto en reiteradas ocasións, na liña de acadar unha maior protección dos intereses do menor ou da persoa con discapacidade.

Tamén se modifica un aspecto do expediente de autorización ou aprobación xudicial de actos de alleamento ou gravame de bens pertencentes a menores ou persoas con discapacidade. De acordo coa nova regulación do artigo 62.3 da Lei da xurisdición voluntaria, a intervención de avogado e procurador xa non será preceptiva en todos os casos en que a contía da operación supere os 6.000 euros, senón só cando así resulte necesario por razóns de complexidade da operación ou pola existencia de intereses contrapostos. Desta maneira preténdese aforrarlles custos ao menor e á persoa con discapacidade en relación con actos que carecen de dificultade técnica ou xurídica, tendo en conta que neste tipo de actuacións sempre vai existir un control xudicial no momento de decidir sobre a aprobación do solicitado.

VII

Por último, cabe destacar a reforma da Lei do notariado e da Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria, co obxecto de compasar a súa regulación ao cambio de paradigma que introduce esta reforma.

VIII

En canto ao réxime transitorio, optouse por unha fórmula flexible, segundo a cal, como regra xeral, as funcións de apoio serán exercidas conforme a nova lei desde a súa entrada en vigor, e establécese unha ampla lexitimación para solicitar da autoridade xudicial, en calquera momento, a revisión das medidas que se establecesen conforme o sistema anterior. A revisión tamén se poderá producir de oficio.

Finalmente, fíxase un prazo de tres meses para a entrada en vigor da norma, atendendo á necesidade de que se tome coñecemento da nova lexislación con tempo suficiente para que poidan afrontarse os cambios introducidos.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei do notariado, do 28 de maio de 1862.*

A Lei do notariado, do 28 de maio de 1862, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra a) do artigo 23 coa seguinte redacción:

«a) A afirmación de dúas persoas, maiores de idade, que coñezan o outorgante e sexan coñecidas do notario, sendo aqueles responsables da identificación.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo ao final do artigo 25, coa seguinte redacción:

«Para garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade que comparezan ante notario, estas poderán utilizar os apoios, instrumentos e axustes razoables que

resulten precisos, incluíndo sistemas aumentativos e alternativos, *braille*, lectura fácil, pictogramas, dispositivos multimedia de fácil acceso, intérpretes, sistemas de apoios á comunicación oral, lingua de signos, linguaxe dactilolóxica, sistemas de comunicación táctil e outros dispositivos que permitan a comunicación, así como calquera outro que resulte preciso.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 54, que queda redactado como segue:

«1. Os cónxuxes, cando non teñan fillos menores non emancipados ou maiores respecto dos cales se establecesen xudicialmente medidas de apoio atribuídas aos seus proxenitores, poderán acordar a súa separación matrimonial ou divorcio de mutuo acordo, mediante a formulación dun convenio regulador en escritura pública. Deberán prestar o seu consentimento ante o notario do último domicilio común ou o do domicilio ou residencia habitual de calquera dos solicitantes.»

Catro. Modifícase o parágrafo terceiro do número 1 do artigo 56, que queda redactado como segue:

«Cando calquera dos interesados sexa menor e careza de representante legal, ou sexa persoa con discapacidade sen apoio suficiente, o notario comunicarlle esta circunstancia ao Ministerio Fiscal para que inste a designación dun defensor xudicial.»

Cinco. Modifícase o segundo parágrafo do número 3 do artigo 57, que queda redactado como segue:

«Cando calquera dos interesados sexa menor e careza de representante legal ou sexa persoa con discapacidade sen apoio suficiente, o notario comunicarlle esta circunstancia ao Ministerio Fiscal para que inste a designación dun defensor xudicial.»

Seis. Modifícase o número 3 do artigo 62, que queda redactado como segue:

«3. Cando calquera das referidas persoas sexa menor e careza de representante legal ou sexa persoa con discapacidade sen apoio suficiente, o notario comunicarlle esta circunstancia ao Ministerio Fiscal para que inste a designación dun defensor xudicial.»

Sete. Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 70, que queda redactada como segue:

«c) As débedas de alimentos en que estean interesados menores, nin as que recaian sobre materias indispoñibles ou operacións suxeitas a autorización xudicial.»

Oito. Modifícase a letra a) do número 2 do artigo 81, que queda redactada como segue:

«a) As cuestións en que se encontren interesados os menores.»

Artigo segundo. *Modificación do Código civil.*

O Código civil queda modificado como segue:

Un. O segundo parágrafo do artigo 9.6 pasa a ter a seguinte redacción:

«A lei aplicable ás medidas de apoio para persoas con discapacidade será a da súa residencia habitual. No caso de cambio de residencia a outro Estado, aplicárase a lei da nova residencia habitual, sen prexuízo do recoñecemento en España das

medidas de apoio acordadas noutros Estados. Será de aplicación, con todo, a lei española para a adopción de medidas de apoio provisionais ou urxentes.»

Dous. O número 8 do artigo 10 queda redactado da seguinte forma:

«8. Nos contratos subscritos entre persoas que se encontren en España, as persoas físicas que gocen de capacidade de conformidade coa lei española só poderán invocar a súa discapacidade resultante da lei doutro país se, no momento da subscrición do contrato, a outra parte coñecese tal discapacidade ou a ignorase en virtude de neglixencia pola súa parte.»

Tres. O segundo parágrafo do artigo 15.1 queda redactado nos seguintes termos:

«Esta declaración de opción formularaa, segundo os casos, o propio optante, só ou cos apoios que a persoa con discapacidade, de ser o caso, precise, ou o seu representante legal. Cando a adquisición da nacionalidade se faga por declaración ou por petición do representante legal, a autorización necesaria deberá determinar a veciñanza civil pola cal se debe optar.»

Catro. O número 2 do artigo 20 redáctase do seguinte modo:

«2. A declaración de opción formularaa:

a) O representante legal do optante menor de catorce anos. En caso de discrepancia entre os representantes legais do menor de catorce anos sobre a tramitación da declaración de opción, tramitarase o expediente de xurisdición voluntaria previsto para o efecto.

b) O propio interesado, asistido polo seu representante legal, cando aquel sexa maior de catorce anos.

c) O interesado, por si só, se está emancipado ou é maior de dezoito anos. A opción caducará aos vinte anos de idade pero, se o optante non estiver emancipado segundo a súa lei persoal ao chegar aos dezoito anos, o prazo para optar prolongarase ata que transcorran dous anos desde a emancipación.

d) O interesado con discapacidade cos apoios e axustes de procedemento que, de ser o caso, precise.

e) O interesado, por si só, dentro dos dous anos seguintes á extinción das medidas de apoio que lle impedisen exercela con anterioridade.»

Cinco. Modifícanse as letras c) e d) do artigo 21.3 co seguinte texto:

«c) O representante legal do menor de catorce anos. En caso de discrepancia entre os representantes legais sobre a solicitude de nacionalidade por residencia, tramitarase o expediente de xurisdición voluntaria previsto para o efecto.

d) O interesado con discapacidade cos apoios e axustes de procedemento que, de ser o caso, precise.»

Seis. A letra c) do artigo 22.2 redáctase do seguinte modo:

«c) O que estivese suxeito legalmente á tutela, curatela con facultades de representación plena, garda ou acollemento dun cidadán ou institución españois durante dous anos consecutivos, mesmo se continuar nesta situación no momento da solicitude.»

Sete. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 81, que queda redactado así:

«Decretarase xudicialmente a separación cando existan fillos menores non emancipados ou fillos maiores respecto dos cales se establecesen xudicialmente medidas de apoio atribuídas aos seus proxenitores, calquera que sexa a forma de celebración do matrimonio:»

Oito. O artigo 82 queda redactado co seguinte teor:

«1. Os cónxuxes poderán acordar a súa separación de mutuo acordo, transcorridos tres meses desde a celebración do matrimonio, mediante a formulación dun convenio regulador ante o letrado da Administración de xustiza ou en escritura pública ante notario, na cal, xunto coa vontade inequívoca de separarse, determinarán as medidas que deban regular os efectos derivados da separación, nos termos establecidos no artigo 90. Os funcionarios diplomáticos ou consulares, en exercicio das funcións notariais que teñen atribuídas, non poderán autorizar a escritura pública de separación.

Os cónxuxes deberán intervir no outorgamento de modo persoal, sen prexuízo de que deban estar asistidos por letrado en exercicio, e prestarán o seu consentimento ante o letrado da Administración de xustiza ou notario. Igualmente, os fillos maiores ou menores emancipados deberán outorgar o consentimento ante o letrado da Administración de xustiza ou notario respecto das medidas que os afecten por careceren de ingresos propios e conviviren no domicilio familiar.

2. Non será de aplicación o disposto neste artigo cando existan fillos na situación a que se refire o artigo anterior.»

Nove. Engádesse un novo segundo parágrafo ao artigo 91, que queda redactado así:

«Cando ao tempo da nulidade, separación ou divorcio existan fillos comúns maiores de dezaseis anos que se achen en situación de necesitar medidas de apoio por razón da súa discapacidade, a sentenza correspondente, logo de audiencia do menor, resolverá tamén sobre o establecemento e modo de exercicio destas, as cales, de ser o caso, entrarán en vigor cando o fillo faga os dezaioito anos de idade. Nestes casos, a lexitimación para instalas, as especialidades de proba e o contido da sentenza rexeranse polo disposto na Lei de axuízamento civil acerca da provisión xudicial de medidas de apoio ás persoas con discapacidade.»

Dez. Dáse nova redacción ao artigo 94, que queda redactado así:

«A autoridade xudicial determinará o tempo, o modo e o lugar en que o proxenitor que non teña consigo os fillos menores poderá exercer o dereito de visítalos, comunicarse con eles e telos na súa compañía.

Respecto dos fillos con discapacidade maiores de idade ou emancipados que precisen apoio para tomar a decisión, o proxenitor que non os teña na súa compañía poderá solicitar, no mesmo procedemento de nulidade, separación ou divorcio, que se estableza o modo en que se exercerá o dereito previsto no parágrafo anterior.

A autoridade xudicial adoptará a resolución prevista nos parágrafos anteriores, logo de audiencia do fillo e do Ministerio Fiscal. Así mesmo, a autoridade xudicial poderá limitar ou suspender os dereitos previstos nos parágrafos anteriores se se dan circunstancias relevantes que así o aconsellen ou se incumpren grave ou reiteradamente os deberes impostos pola resolución xudicial.

Non procederá establecer un réxime de visita ou estadía e, se existe, suspenderase, respecto do proxenitor que estea incurso nun proceso penal iniciado por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos seus fillos. Tampouco procederá cando a autoridade xudicial advirta, das alegacións das partes e das probas practicadas, a existencia de indicios fundados de violencia doméstica ou de xénero. Con todo, a autoridade xudicial poderá establecer un réxime de visita, comunicación ou estadía en resolución motivada no interese superior do menor ou na vontade, desexos e preferencias do maior con discapacidade necesitado de apoios e logo de avaliación da situación da relación paterno-filial.

Non procederá en ningún caso establecer un réxime de visitas respecto do proxenitor en situación de prisión, provisional ou por sentenza firme, acordada en procedemento penal polos delitos previstos no parágrafo anterior.

Igualmente, a autoridade xudicial poderá recoñecer o dereito de comunicación e visita previsto no punto segundo do artigo 160, logo de audiencia dos proxenitores e de quen o solicitase polo súa condición de irmán, avó, parente ou achegado do menor ou do maior con discapacidade que precise apoio para tomar a decisión, que deberán prestar o seu consentimento. A autoridade xudicial resolverá tendo sempre presente o interese do menor ou a vontade, desexos e preferencias do maior con discapacidade.»

Once. O artigo 96 redáctase do seguinte modo:

«1. Na falta de acordo dos cónxuxes aprobado pola autoridade xudicial, o uso da vivenda familiar e dos obxectos de uso ordinario dela corresponderalles aos fillos comúns menores de idade e ao cónxuxe en cuxa compañía queden, ata que todos aqueles acaden a maioría de idade. Se entre os fillos menores hai algún nunha situación de discapacidade que faga conveniente a continuación no uso da vivenda familiar despois da súa maioría de idade, a autoridade xudicial determinará o prazo de duración dese dereito, en función das circunstancias concorrentes.

Para os efectos do parágrafo anterior, os fillos comúns maiores de idade que, ao tempo da nulidade, separación ou divorcio, estean nunha situación de discapacidade que faga conveniente a continuación no uso da vivenda familiar, equipáranse aos fillos menores que se achen en similar situación.

Extinguido o uso previsto no parágrafo primeiro, as necesidades de vivenda daqueles que carezan de independencia económica atenderanse segundo o previsto no título VI deste libro, relativo aos alimentos entre parentes.

Cando algúns dos fillos queden na compañía dun dos cónxuxes e os restantes na do outro, a autoridade xudicial resolverá o procedente.

2. De non haber fillos, poderá acordarse que o uso de tales bens lle corresponda ao cónxuxe non titular polo tempo que prudencialmente se fixe, sempre que, atendidas as circunstancias, sexa aconsellable e o seu interese sexa o máis necesitado de protección.

3. Para dispor de todo ou parte da vivenda e bens indicados cuxo uso for atribuído conforme os parágrafos anteriores, requirirase o consentimento de ambos os cónxuxes ou, na súa falta, autorización xudicial. Esta restrición na facultade dispositiva sobre a vivenda familiar farase constar no Rexistro da Propiedade. A manifestación errónea ou falsa do dispoñente sobre o uso da vivenda non prexudicará o adquirente de boa fe.»

Doce. Dáse nova redacción ao parágrafo segundo do artigo 112, co seguinte teor:

«En todo caso conservarán a súa validez os actos outorgados en nome do fillo menor polo seu representante legal ou, no caso dos maiores con discapacidade que tivesen previstas medidas de apoio, os realizados conforme estas, antes de que a filiación fose determinada.»

Trece. O artigo 121 redáctase co seguinte texto:

«O recoñecemento outorgado por menores non emancipados necesitará, para a súa validez, a aprobación xudicial con audiencia do Ministerio Fiscal.

Para a validez do recoñecemento outorgado por persoas maiores de idade respecto das cales se establecesen medidas de apoio, observarase o que resulte da resolución xudicial ou escritura pública que as establece. Se non se dispuxo nada e non hai medidas voluntarias de apoio, instruirase a correspondente revisión das medidas de apoio xudicialmente adoptadas para completalas para este fin.»

Catorce. O artigo 123 queda redactado así:

«O recoñecemento dun fillo maior de idade non producirá efectos sen o seu consentimento expreso ou tácito.

O consentimento para a eficacia do recoñecemento da persoa maior de idade con discapacidade será prestado por esta, de maneira expresa ou tácita, cos apoios que requira para iso. En caso de que exista resolución xudicial ou escritura pública que establecese medidas de apoio, observarase o alí disposto.»

Quince. O artigo 124 redáctase conforme se indica a continuación:

«A eficacia do recoñecemento do menor requirirá o consentimento expreso do seu representante legal ou a aprobación xudicial con audiencia do Ministerio Fiscal e do proxenitor legalmente coñecido.

Non será necesario o consentimento ou a aprobación se o recoñecemento se efectuase en testamento ou dentro do prazo establecido para practicar a inscrición do nacemento. A inscrición de paternidade así practicada poderá suspenderse por simple petición da nai durante o ano seguinte ao nacemento. Se o pai solicita a confirmación da inscrición, será necesaria a aprobación xudicial con audiencia do Ministerio Fiscal.»

Dezaseis. O artigo 125 redáctase do seguinte modo:

«Cando os proxenitores do menor sexan irmáns ou consanguíneos en liña recta, legalmente determinada a filiación respecto dun, só poderá quedar determinada legalmente respecto do outro logo de autorización xudicial, que se outorgará con audiencia do Ministerio Fiscal, cando conveña ao interese do menor.

O menor poderá, acadada a maioría de idade, invalidar mediante declaración auténtica esta última determinación se non a consentiu.»

Dezasete. O número 1 do artigo 133 redáctase do seguinte modo:

«1. A acción de reclamación de filiación non matrimonial, cando falte a respectiva posesión de estado, corresponderalle ao fillo durante toda a súa vida.

Se o fillo falece antes de transcorrer catro anos desde que acade a maioría de idade ou desde que se eliminan as medidas de apoio que tivese previstas para tales efectos, ou durante o ano seguinte ao descubrimento das probas en que se funde a demanda, a súa acción corresponderalles aos seus herdeiros polo tempo que falte para completar os ditos prazos.»

Dezaoito. Dáse nova redacción aos números 1 e 2 do artigo 137, que quedan do seguinte teor:

«1. A paternidade poderá ser impugnada polo fillo durante o ano seguinte á inscrición da filiación.

Se for menor ou persoa con discapacidade con medidas de apoio, para impugna-la o prazo do ano contarase desde a maioría de idade ou desde a extinción das medidas de apoio.

O exercicio da acción en interese do fillo que sexa menor corresponderalle, así mesmo, durante o ano seguinte á inscrición da filiación, á nai que posúa a patria potestade, ao seu representante legal ou ao Ministerio Fiscal.

De se tratar de persoa con discapacidade, esta, quen preste o apoio e estea expresamente facultado para iso ou, na súa falta, o Ministerio Fiscal poderán, así mesmo, exercer a acción de impugnación durante o ano seguinte á inscrición da filiación.

2. Se o fillo, malia transcorrer máis dun ano desde a inscrición no rexistro, desde a súa maioría de idade ou desde a extinción da medida de apoio, descoñece a falta de paternidade biolóxica de quen aparece inscrito como o seu proxenitor, o cómputo do prazo dun ano comezará a contar desde que tivese tal coñecemento.»

Dezanove. Modifícase o artigo 156, tal e como se indica:

«A patria potestade será exercida conxuntamente por ambos os proxenitores ou por un só co consentimento expreso ou tácito do outro. Serán válidos os actos que realice un deles conforme o uso social e as circunstancias ou en situacións de urxente necesidade.

Tras se ditar unha sentenza condenatoria e mentres non se extinga a responsabilidade penal ou tras ser iniciado un procedemento penal contra un dos proxenitores por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual dos fillos ou fillas comúns menores de idade, ou por atentar contra o outro proxenitor, bastará o consentimento deste para a atención e asistencia psicolóxica dos fillos e fillas menores de idade, e o primeiro deberá ser informado previamente. O anterior será igualmente aplicable, aínda que non se interpuxese denuncia previa, cando a muller estea a recibir asistencia nun servizo especializado de violencia de xénero, sempre que medie informe emitido polo dito servizo que acredite a dita situación. Se a asistencia se tiver que prestar aos fillos e fillas maiores de dezaseis anos, precisará en todo caso o consentimento expreso destes.

En caso de desacordo no exercicio da patria potestade, calquera dos dous poderá acudir á autoridade xudicial, quen, despois de oír ambos e o fillo se ten suficiente madurez e, en todo caso, se é maior de doce anos, atribuíralle a facultade de decidir a un dos dous proxenitores. Se os desacordos foren reiterados ou concorrer calquera outra causa que entorpeza gravemente o exercicio da patria potestade, poderá atribuíla total ou parcialmente a un dos proxenitores ou distribuír entre eles as súas funcións. Esta medida terá vixencia durante o prazo que se fixe, que non poderá nunca exceder os dous anos. Nos supostos dos parágrafos anteriores, respecto de terceiros de boa fe, presumírase que cada un dos proxenitores actúa no exercicio ordinario da patria potestade co consentimento do outro.

Na falta ou por ausencia ou imposibilidade dun dos proxenitores, a patria potestade será exercida exclusivamente polo outro.

Se os proxenitores viven separados, a patria potestade exerceraa aquel con quen o fillo conviva. Con todo, a autoridade xudicial, por solicitude fundada do outro proxenitor, poderá, en interese do fillo, atribuírle ao solicitante a patria potestade para que a exerza conxuntamente co outro proxenitor ou distribuír entre ambos as funcións inherentes ao seu exercicio.»

Vinte. Suprímese o artigo 171.

Vinte e un. Modifícase o título IX do libro primeiro, que queda coa seguinte rúbrica e contido:

«TÍTULO IX

Da tutela e da garda dos menores

CAPÍTULO I

Da tutela

Sección 1.^a Disposicións xerais

Artigo 199.

Quedan suxeitos a tutela:

- 1.º Os menores non emancipados en situación de desamparo.
- 2.º Os menores non emancipados non suxeitos a patria potestade.

Artigo 200.

As funcións tutelares constitúen un deber, exerceranse en beneficio do tutelado e estarán baixo a salvagarda da autoridade xudicial.

As medidas e disposicións previstas no artigo 158 poderán ser acordadas tamén pola autoridade xudicial en todos os supostos de tutela de menores, en canto o requira o interese destes.

Se se trata de menores que estean baixo a tutela dunha entidade pública, estas medidas só as poderá acordar a autoridade xudicial de oficio ou por instancia da dita entidade, do Ministerio Fiscal ou do propio menor. A entidade pública será parte no procedemento e as medidas acordadas serán comunicadas a esta, que lle dará traslado da dita comunicación ao director do centro residencial ou á familia acollidora.

Artigo 201.

Os proxenitores poderán, en testamento ou documento público notarial, designar titor, establecer órganos de fiscalización da tutela, así como designar as persoas que deben integralos ou ordenar calquera outra disposición sobre a persoa ou bens dos seus fillos menores.

Artigo 202.

As designacións a que se refire o artigo anterior vincularán a autoridade xudicial ao constituír a tutela, salvo que o interese superior do menor exixa outra cousa, caso en que ditará resolución motivada.

Artigo 203.

Cando existiren disposicións dos proxenitores feitas en testamento ou documento público notarial dos proxenitores, aplicaranse unhas e outras conxuntamente, en canto sexan compatibles. De non selo, a autoridade xudicial adoptará, en decisión motivada, as que considere máis convenientes para o interese superior do menor.

Artigo 204.

Serán ineficaces as disposicións feitas en testamento ou documento público notarial sobre a tutela se, no momento de adoptalas, o dispoñente fose privado da patria potestade.

Artigo 205.

Quen dispoña de bens a título gratuito en favor dun menor poderá establecer as regras de administración e disposición destes e designar a persoa ou persoas que deban exercelas. As funcións non conferidas ao administrador correspóndenlle ao titor.

Artigo 206.

Estarán obrigados a promover a constitución da tutela, desde o momento en que coñezan o feito que a motive, os parentes chamados a ela e a persoa física ou xurídica baixo cuxa garda estea o menor e, se non o fixeren, serán responsables solidarios da indemnización dos danos e perdas causados.

Artigo 207.

Calquera persoa poderá pór en coñecemento do Ministerio Fiscal ou da autoridade xudicial o feito determinante da tutela, co fin de que se dea inicio ao expediente a que se refire o artigo seguinte.

Artigo 208.

A autoridade xudicial constituirá a tutela mediante un expediente de xurisdición voluntaria, seguindo os trámites previstos legalmente.

Artigo 209.

A tutela exercerase baixo a vixilancia do Ministerio Fiscal, que actuará de oficio ou por instancia da persoa menor de idade ou de calquera interesado.

En calquera momento poderá exixir do titor que o informe sobre a situación do menor e do estado da administración da tutela.

Artigo 210.

A autoridade xudicial poderá establecer, na resolución pola cal se constitúa a tutela ou noutra posterior, as medidas de vixilancia e control que considere adecuadas, en beneficio do tutelado. Así mesmo, en calquera momento poderá exixir do titor que informe sobre a situación do menor e do estado da administración.

Sección 2.^a Da delación da tutela e do nomeamento do titor

Artigo 211.

Poderán ser titoras todas as persoas físicas que, a xuízo da autoridade xudicial, cumpran as condicións de aptitude suficientes para o adecuado desempeño da súa función e nelas non concorra algunha das causas de inhabilidade establecidas nos artigos seguintes.

Artigo 212.

Poderán ser titores as fundacións e demais persoas xurídicas sen ánimo de lucro, públicas ou privadas, entre cuxos fins figure a protección e asistencia de menores.

Artigo 213.

Para o nomeamento de titor preferirase:

1.º A persoa ou persoas designadas polos proxenitores en testamento ou documento público notarial.

2.º O ascendente ou irmán que designe a autoridade xudicial.

Excepcionalmente, en resolución motivada, poderase alterar a orde do parágrafo anterior ou prescindir de todas as persoas nel mencionadas, se o interese superior do menor así o exixir. Considérase beneficiosa para o menor a integración na vida de familia do titor.

Artigo 214.

Na falta das persoas mencionadas no artigo anterior, a autoridade xudicial designará titor a quen, polas súas relacións co tutelado e no interese superior deste, considere máis idóneo.

Artigo 215.

Se houber que designar titor para varios irmáns, procurarase que o nomeamento recaia nunha mesma persoa.

Artigo 216.

Non poderán ser titores:

1.º Aqueles que, por resolución xudicial, estean privados ou suspendidos no exercicio da patria potestade ou, total ou parcialmente, dos dereitos de garda e protección.

2.º Aqueles que fosen legalmente removidos dunha tutela, curatela ou garda anterior.

Artigo 217.

A autoridade xudicial non poderá nomear as persoas seguintes:

1.º Quen fose excluído polos proxenitores do tutelado.

2.º Quen fose condenado en sentenza firme por calquera delito que faga supor, fundadamente, que non desempeñará ben a tutela.

3.º O administrador que fose substituído nas súas facultades de administración durante a tramitación do procedemento concursal.

4.º Aquele a quen lle sexa imputable a declaración como culpable dun concurso, salvo que a tutela o sexa só da persoa.

5.º Quen teña conflito de intereses coa persoa suxeita a tutela.

Artigo 218.

A tutela exerceraa un só titor, salvo:

1.º Cando, por concorreren circunstancias especiais na persoa do tutelado ou no seu patrimonio, conveña separar como cargos distintos o de titor da persoa e o dos bens, cada un dos cales actuará independentemente no ámbito da súa competencia, aínda que as decisións que concirnan a ambos deberán tomalas conxuntamente.

2.º Se se designa algunha persoa titor dos fillos do seu irmán e se considera conveniente que exerza tamén a tutela o cónxuxe do titor ou a persoa que se ache en análoga relación de afectividade.

3.º Cando os proxenitores do tutelado designasen en testamento ou documento público notarial máis dun titor para que exerzan a tutela conxuntamente.

Artigo 219.

No caso do ordinal 3.º do artigo anterior, se os proxenitores o dispuxeron de modo expreso, poderase resolver, ao efectuar o nomeamento de titores, que estes poidan exercer as facultades da tutela con carácter solidario.

De non mediar tal clase de nomeamento e sen prexuízo do disposto no numeral 1.º do artigo anterior, as facultades da tutela encomendadas a varios titores deberán exercelas estes conxuntamente, pero valerá o que se faga co acordo do maior número. Na falta de tal acordo, a autoridade xudicial, despois de oír os titores e o tutelado, se tiver suficiente madurez, resolverá sen ulterior recurso o que considere conveniente. Para o caso de que os desacordos sexan reiterados e entorpezan gravemente o exercicio da tutela, a autoridade xudicial poderá reorganizar o seu funcionamento e mesmo nomear novo titor.

Artigo 220.

Se os titores tiveren as súas facultades atribuídas conxuntamente e houber incompatibilidade ou oposición de intereses nalgún deles para un acto ou contrato, poderá realizar este o outro titor ou, de seren varios, os demais en forma conxunta.

Artigo 221.

Nos casos en que, por calquera causa, cese algún dos titores, a tutela subsistirá cos restantes, a non ser que ao facer o nomeamento se dispuxese outra cousa de modo expreso.

Artigo 222.

A tutela dos menores que se encontren en situación de desamparo corresponderalle por ministerio da lei á entidade pública á cal no respectivo territorio estea encomendada a protección de menores.

Con todo, nomearase titor conforme as regras ordinarias cando existan persoas físicas que, polas súas relacións co menor ou por outras circunstancias, poidan asumir a tutela en interese deste.

No suposto do parágrafo anterior, previamente á designación xudicial de titor, ou na mesma resolución, deberá acordarse a suspensión ou a privación da patria potestade ou a remoción do titor, de ser o caso.

Estarán lexitimados para exercer as accións de privación de patria potestade, promover a remoción do titor e solicitar o nomeamento de titor dos menores en situación de desamparo o Ministerio Fiscal, a entidade pública e os chamados ao exercicio da tutela.

Artigo 223.

As causas e os procedementos de remoción e escusa da tutela serán os mesmos que os establecidos para a curatela.

A autoridade xudicial poderá decretar a remoción por solicitude da persoa menor de idade se tiver suficiente madurez. En todo caso, terase en conta a súa opinión e daráselle audiencia se for maior de doce anos.

Tras ser declarada a remoción, nomearase de novo titor na forma establecida neste código.

Sección 3.^a Do exercicio da tutela

Artigo 224.

Serán aplicables á tutela, con carácter supletorio, as normas da curatela.

Artigo 225.

O titor é o representante do menor, salvo para aqueles actos que este poida realizar por si só ou para aqueles en que unicamente precise asistencia.

Artigo 226.

Prohíbeselle ao titor:

1.º Recibir liberalidades do tutelado ou dos seus habentes causa, mentres non se aprobase definitivamente a súa xestión.

2.º Representar o tutelado cando no mesmo acto interveña en nome propio ou dun terceiro e existise conflito de intereses.

3.º Adquirir por título oneroso bens do tutelado ou transmitirle pola súa banda bens por igual título.

Artigo 227.

Os titores exercerán o seu cargo en interese do menor, de acordo coa súa personalidade e con respecto aos seus dereitos.

Cando sexa necesario para o exercicio da tutela, poderán solicitar o auxilio da autoridade.

Artigo 228.

O titor está obrigado a velar polo tutelado e, en particular:

- 1.º A velar por el e a procurarlle alimentos.
- 2.º A educar o menor e procurarlle unha formación integral.
- 3.º A promover a súa mellor inserción na sociedade.
- 4.º A administrar o patrimonio do menor coa dilixencia debida.
- 5.º A informar a autoridade xudicial anualmente sobre a situación do menor e a renderlle conta anual da súa administración.
- 6.º A oír o menor antes de adoptar decisións que o afecten.

Artigo 229.

O titor ten dereito a unha retribución, sempre que o patrimonio do menor o permita, así como ao reembolso dos gastos xustificadas, cantidades que serán satisfeitas con cargo ao dito patrimonio.

Salvo que os proxenitores establecesen outra cousa, e sen prexuízo de que as citadas previsións poidan ser modificadas pola autoridade xudicial se o considera conveniente para o interese do menor, correspóndelle á autoridade xudicial fixar o seu importe e o modo de percibila, para o cal terá en conta o traballo que deberá realizar e o valor e a rendibilidade dos bens.

Poderá tamén establecerse que o titor faga seus os froitos dos bens do tutelado a cambio de prestarlle os alimentos, se así o dispuxesen os proxenitores. A autoridade xudicial poderá deixar sen efecto esta previsión ou establecela mesmo cando nada dispuxesen os proxenitores, se o considera conveniente para o interese do menor.

Artigo 230.

A persoa que no exercicio dunha función tutelar sufra danos e perdas, sen culpa pola súa parte, terá dereito á indemnización destes con cargo aos bens do tutelado, de non poder obter por outro medio o seu resarcimento.

Sección 4.ª Da extinción da tutela e da rendición final de contas

Artigo 231.

A tutela extínguense:

- 1.º Pola maioría de idade, emancipación ou concesión do beneficio da maioría de idade ao menor.
- 2.º Pola adopción do menor.
- 3.º Por morte ou declaración de falecemento do menor.
- 4.º Cando, tras se orixinar por privación ou suspensión da patria potestade, o titular desta a recupere, ou cando desapareza a causa que impedía ao titular da patria potestade exercela de feito.

Artigo 232.

O titor, sen prexuízo da obriga de rendición anual de contas, ao cesar nas súas funcións deberá render ante a autoridade xudicial a conta xeral xustificada da súa administración no prazo de tres meses, prorrogables polo tempo que for necesario se concorre xusta causa.

A acción para exixir a rendición desta conta prescribe aos cinco anos, contados desde a terminación do prazo establecido para efectuala.

Antes de resolver sobre a aprobación da conta, a autoridade xudicial oirá tamén, de ser o caso, o novo titor e a persoa que estivese sometida a tutela ou os seus herdeiros.

A aprobación xudicial das contas non impedirá o exercicio das accións que reciprocamente poidan asistir o titor e o menor ou os seus habentes causa por razón da tutela.

Artigo 233.

Os gastos necesarios da rendición de contas serán a cargo do patrimonio de quen estivo sometido a tutela.

O saldo da conta xeral devindicará o xuro legal, a favor ou en contra do titor. Se o saldo é a favor do titor, o xuro legal devindicarase desde o requirimento para o pagamento, logo de restitución dos bens ao seu titular. Se é en contra do titor, devindicará o xuro legal unha vez transcorridos os tres meses seguintes á aprobación da conta.

Artigo 234.

O titor responderá dos danos que causase ao menor pola súa culpa ou negligencia.

A acción para reclamar esta responsabilidade prescribe aos tres anos contados desde a rendición final de contas.

CAPÍTULO II

Do defensor xudicial do menor

Artigo 235.

Nomearase un defensor xudicial do menor nos casos seguintes:

1.º Cando nalgún asunto exista conflito de intereses entre os menores e os seus representantes legais, salvo nos casos en que a lei prevexa outra forma de salvo.

2.º Cando, por calquera causa, o titor non desempeñar as súas funcións, ata que cese a causa determinante ou se designe outra persoa.

3.º Cando o menor emancipado requira o complemento de capacidade previsto nos artigos 247 e 248 e aqueles a quen corresponda prestalo non poidan facelo ou exista con eles conflito de intereses.

Artigo 236.

Serán aplicables ao defensor xudicial do menor as normas do defensor xudicial das persoas con discapacidade. O defensor xudicial do menor exercerá o seu cargo en interese do menor, de acordo coa súa personalidade e con respecto aos seus dereitos.

CAPÍTULO III

Da garda de feito do menor

Artigo 237.

1. Cando a autoridade xudicial teña coñecemento da existencia dun gardador de feito poderá requirilo para que informe da situación da persoa e dos bens do menor e da súa actuación en relación con eles, e poderá establecer as medidas de control e vixilancia que considere oportunas.

Cautelarmente, mentres se manteña a situación de garda de feito e ata que se constituía medida de protección adecuada, se procede, poderanse outorgar

xudicialmente facultades tutelares aos gardadores. Igualmente, poderase constituír un acollemento temporal, no cal serán acolledores os gardadores.

2. Procederá a declaración de situación de desamparo dos menores cando, ademais desta circunstancia, se dean os presupostos obxectivos de falta de asistencia recollidos no artigo 172.

Nos demais casos, o gardador de feito poderá promover a privación ou suspensión da patria potestade, a remoción da tutela ou o nomeamento de titor.

Artigo 238.

Serán aplicables á garda de feito do menor, con carácter supletorio, as normas da garda de feito das persoas con discapacidade.»

Vinte e dous. Modifícase o título X do libro primeiro, que queda coa seguinte rúbrica e contido:

«TÍTULO X

Da maior idade e da emancipación

Artigo 239.

A emancipación ten lugar:

- 1.º Pola maior idade.
- 2.º Pola concesión daqueles que exerzan a patria potestade.
- 3.º Pola concesión xudicial.

Artigo 240.

A maior idade empeza aos dezoito anos feitos.

Para o cómputo dos anos da maioría de idade incluírase completo o día do nacemento.

Artigo 241.

Para que teña lugar a emancipación por concesión de quen exerza a patria potestade, requírese que o menor teña dezaseis anos feitos e que a consinta. Esta emancipación outorgarase mediante escritura pública ou por comparecencia ante o encargado do Rexistro Civil.

Artigo 242.

A concesión da emancipación deberá inscribirse no Rexistro Civil e non producirá, entreméntres, efectos contra terceiros.

Unha vez concedida a emancipación, non poderá ser revogada.

Artigo 243.

Reputarase para todos os efectos como emancipado o fillo maior de dezaseis anos que, co consentimento dos proxenitores, viva independentemente destes. Os proxenitores poderán revogar este consentimento.

Artigo 244.

A autoridade xudicial poderá conceder a emancipación dos fillos maiores de dezaseis anos se estes a pediren e logo de audiencia dos proxenitores:

- 1.º Cando quen exerce a patria potestade contraia nupcias ou conviva maritalmente con persoa distinta do outro proxenitor.

2.º Cando os proxenitores vivan separados.

3.º Cando concorra calquera causa que entorpeza gravemente o exercicio da patria potestade.

Artigo 245.

Tamén poderá a autoridade xudicial, logo de informe do Ministerio Fiscal, conceder o beneficio da maior idade ao suxeito a tutela maior de dezaseis anos que o solicitar.

Artigo 246.

O maior de idade pode realizar todos os actos da vida civil, salvo as excepcións establecidas en casos especiais por este código.

Artigo 247.

A emancipación habilita o menor para rexer a súa persoa e bens como se fose maior, pero ata que chegue á maior idade o emancipado non poderá tomar diñeiro a préstamo, gravar ou allear bens inmoables e establecementos mercantís ou industriais ou obxectos de extraordinario valor sen consentimento dos seus proxenitores e, na falta de ambos, sen o do seu defensor xudicial.

O menor emancipado poderá por si só comparecer en xuízo.

O disposto neste artigo é aplicable tamén ao menor que obtivese xudicialmente o beneficio da maior idade.

Artigo 248.

Para que o casado menor de idade poida allear ou gravar bens inmoables, establecementos mercantís ou obxectos de extraordinario valor que sexan comúns, abonda, se é maior o outro cónxuxe, o consentimento dos dous; se tamén é menor, necesitarase ademais o dos proxenitores ou defensor xudicial dun e doutro.»

Vinte e tres. Modifícase o título XI do libro primeiro, que queda coa seguinte rúbrica e contido:

«TÍTULO XI

Das medidas de apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 249.

As medidas de apoio ás persoas maiores de idade ou menores emancipadas que as precisen para o adecuado exercicio da súa capacidade xurídica terán por finalidade permitir o desenvolvemento pleno da súa personalidade e o seu desenvolvemento xurídico en condicións de igualdade. Estas medidas de apoio deberán estar inspiradas no respecto á dignidade da persoa e na tutela dos seus dereitos fundamentais. As de orixe legal ou xudicial só procederán na falta ou insuficiencia da vontade da persoa de que se trate. Todas elas deberán axustarse aos principios de necesidade e proporcionalidade.

As persoas que presten apoio deberán actuar atendendo á vontade, desexos e preferencias de quen o requira. Igualmente, procurarán que a persoa con discapacidade poida desenvolver o seu propio proceso de toma de decisións, informándoa, axudándoa na súa comprensión e razoamento e facilitando que poida

expresar as súas preferencias. Así mesmo, fomentarán que a persoa con discapacidade poida exercer a súa capacidade xurídica con menos apoio no futuro.

En casos excepcionais, cando, a pesar de facerse un esforzo considerable, non sexa posible determinar a vontade, desexos e preferencias da persoa, as medidas de apoio poderán incluír funcións representativas. Neste caso, no exercicio desas funcións deberase ter en conta a traxectoria vital da persoa con discapacidade, as súas crenzas e valores, así como os factores que ela tomase en consideración, co fin de tomar a decisión que tería adoptado a persoa en caso de non requirir representación.

A autoridade xudicial poderá ditar as salvagardas que considere oportunas co fin de asegurar que o exercicio das medidas de apoio se axuste aos criterios resultantes deste precepto e, en particular, atenda á vontade, desexos e preferencias da persoa que as requira.

Artigo 250.

As medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica das persoas que o precisen son, ademais das de natureza voluntaria, a garda de feito, a curatela e o defensor xudicial.

A función das medidas de apoio consistirá en asistir a persoa con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica nos ámbitos en que sexa preciso, respectando a súa vontade, desexos e preferencias.

As medidas de apoio de natureza voluntaria son as establecidas pola persoa con discapacidade, nas cales designa quen debe prestarlle apoio e con que alcance. Calquera medida de apoio voluntaria poderá ir acompañada das salvagardas necesarias para garantir en todo momento e ante calquera circunstancia o respecto á vontade, desexos e preferencias da persoa.

A garda de feito é unha medida informal de apoio que pode existir cando non haxa medidas voluntarias ou xudiciais que se estean aplicando eficazmente.

A curatela é unha medida formal de apoio que se aplicará a quen precise o apoio de modo continuado. A súa extensión virá determinada na correspondente resolución xudicial en harmonía coa situación e circunstancias da persoa con discapacidade e coas súas necesidades de apoio.

O nomeamento de defensor xudicial como medida formal de apoio procederá cando a necesidade de apoio se precise de forma ocasional, aínda que sexa recorrente.

Ao determinar as medidas de apoio procurarase evitar situacións en que se poidan producir conflitos de intereses ou influencia indebida.

Non poderá exercer ningunha das medidas de apoio quen, en virtude dunha relación contractual, preste servizos asistenciais, residenciais ou de natureza análoga á persoa que precisa o apoio.

Artigo 251.

Prohíbese a quen desempeñe algunha medida de apoio:

1.º Recibir liberalidades da persoa que precisa o apoio ou dos seus habentes causa, mentres non se aprobe definitivamente a súa xestión, salvo que se trate de agasallos de costume ou bens de escaso valor.

2.º Prestar medidas de apoio cando no mesmo acto interveña en nome propio ou dun terceiro e exista conflito de intereses.

3.º Adquirir por título oneroso bens da persoa que precisa o apoio ou transmitirlle, pola súa parte, bens por igual título.

Nas medidas de apoio voluntarias estas prohibicións non resultarán de aplicación cando o outorgante as excluíse expresamente no documento de constitución das ditas medidas.

Artigo 252.

Quen dispoña de bens a título gratuito en favor dunha persoa necesitada de apoio poderá establecer as regras de administración e disposición daqueles, así como designar a persoa ou persoas a que se encomenden as ditas facultades. As facultades non conferidas ao administrador corresponderanlle ao favorecido pola disposición dos bens, que as exercerá, de ser o caso, co apoio que proceda.

Igualmente, poderá establecer os órganos de control ou supervisión que se consideren convenientes para o exercicio das facultades conferidas.

Artigo 253.

Cando unha persoa se encontre nunha situación que exixa apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica de modo urxente e careza dun gardador de feito, o apoio prestarao de modo provisional a entidade pública que no respectivo territorio teña encomendada esta función. A entidade dará coñecemento da situación ao Ministerio Fiscal no prazo de vinte e catro horas.

CAPÍTULO II

Das medidas voluntarias de apoio

Sección 1.^a Disposicións xerais

Artigo 254.

Cando se prevexa razoablemente nos dous anos anteriores á maioría de idade que un menor suxeito a patria potestade ou a tutela poida, despois de acadar aquela, precisar de apoio no exercicio da súa capacidade xurídica, a autoridade xudicial poderá acordar, por petición do menor, dos proxenitores, do titor ou do Ministerio Fiscal, se o considera necesario, a procedencia de adoptar a medida de apoio que corresponda para cando conclúa a minoría de idade. Estas medidas adoptaranse se o maior de dezaseis anos non fixo as súas propias previsións para cando alcance a maioría de idade. Noutro caso, darase participación ao menor no proceso, atendendo á súa vontade, desexos e preferencias.

Artigo 255.

Calquera persoa maior de idade ou menor emancipada en previsión ou apreciación da concorrencia de circunstancias que poidan dificultarlle o exercicio da súa capacidade xurídica en igualdade de condicións coas demais poderá prever ou acordar en escritura pública medidas de apoio relativas á súa persoa ou bens.

Poderá tamén establecer o réxime de actuación, o alcance das facultades da persoa ou persoas que lle deban prestar apoio, ou a forma de exercicio do apoio, o cal se prestará conforme o disposto no artigo 249.

Así mesmo, poderá prever as medidas ou órganos de control que considere oportuno, as salvagardas necesarias para evitar abusos, conflitos de intereses ou influencia indebida e os mecanismos e prazos de revisión das medidas de apoio, co fin de garantir o respecto da súa vontade, desexos e preferencias.

O notario autorizante comunicará de oficio e sen dilación o documento público que conteña as medidas de apoio ao Rexistro Civil para a súa constancia no rexistro individual do outorgante.

Só na falta ou por insuficiencia destas medidas de natureza voluntaria, e na falta de garda de feito que supoña apoio suficiente, poderá a autoridade xudicial adoptar outras supletorias ou complementarias.

Sección 2.^a Dos poderes e mandatos preventivos

Artigo 256.

O apoderante poderá incluír unha cláusula que estipule que o poder subsista se no futuro precisa apoio no exercicio da súa capacidade.

Artigo 257.

O apoderante poderá outorgar poder só para o suposto de que no futuro precise apoio no exercicio da súa capacidade. Neste caso, para acreditar que se produciu a situación de necesidade de apoio observaranse as previsións do apoderante. Para garantir o cumprimento destas previsións outorgárase, se for preciso, acta notarial que, ademais do xuízo do notario, incorpore un informe pericial no mesmo sentido.

Artigo 258.

Os poderes a que se refiren os artigos anteriores manterán a súa vixencia a pesar da constitución doutras medidas de apoio en favor do apoderante, tanto se estas foron establecidas xudicialmente como se foron previstas polo propio interesado.

Cando se outorgasen a favor do cónxuxe ou da parella de feito do apoderante, o cesamento da convivencia producirá a súa extinción automática, salvo que medie vontade contraria do outorgante ou que o cesamento veña determinado polo internamento deste.

O apoderante poderá establecer, ademais das facultades que outorgue, as medidas ou órganos de control que considere oportuno, condicións e instrucións para o exercicio das facultades, salvagardas para evitar abusos, conflito de intereses ou influencia indebida e os mecanismos e prazos de revisión das medidas de apoio, co fin de garantir o respecto da súa vontade, desexos e preferencias. Poderá tamén prever formas específicas de extinción do poder.

Calquera persoa lexitimada para instar o procedemento de provisión de apoios e o curador, se o houber, poderán solicitar xudicialmente a extinción dos poderes preventivos, se no apoderado concorre algunha das causas previstas para a remoción do curador, salvo que o apoderante previse outra cousa.

Artigo 259.

Cando o poder conteña cláusula de subsistencia para o caso de que o apoderante precise apoio no exercicio da súa capacidade ou se conceda só para ese suposto e, en ambos os casos, comprenda todos os negocios do outorgante, o apoderado, sobrevinda a situación de necesidade de apoio, quedará suxeito ás regras aplicables á curatela en todo aquilo non previsto no poder, salvo que o apoderante determinase outra cousa.

Artigo 260.

Os poderes preventivos a que se refiren os artigos anteriores deberán outorgarse en escritura pública.

O notario autorizante comunicarallos de oficio e sen dilación ao Rexistro Civil para a súa constancia no rexistro individual do apoderante.

Artigo 261.

O exercicio das facultades representativas será persoal, sen prexuízo da posibilidade de encomendar a realización dun ou de varios actos concretos a terceiras persoas. Aquelas facultades que teñan por obxecto a protección da persoa non serán delegables.

Artigo 262.

O disposto neste capítulo aplicarase igualmente ao caso de mandato sen poder.

CAPÍTULO III

Da garda de feito das persoas con discapacidade

Artigo 263.

Quen viñer exercendo adecuadamente a garda de feito dunha persoa con discapacidade continuará no desempeño da súa función mesmo se existen medidas de apoio de natureza voluntaria ou xudicial, sempre que estas non se estean aplicando eficazmente.

Artigo 264.

Cando, excepcionalmente, se requira a actuación representativa do gardador de feito, este deberá obter a autorización para realizala a través do correspondente expediente de xurisdición voluntaria, en que se oír a persoa con discapacidade. A autorización xudicial para actuar como representante poderase conceder, logo de comprobación da súa necesidade, nos termos e cos requisitos adecuados ás circunstancias do caso. A autorización poderá comprender un ou varios actos necesarios para o desenvolvemento da función de apoio e deberá ser exercida de conformidade coa vontade, desexos e preferencias da persoa con discapacidade.

En todo caso, quen exerza a garda de feito deberá solicitar autorización xudicial, conforme o indicado no parágrafo anterior, para prestar consentimento nos actos enumerados no artigo 287.

Non será necesaria autorización xudicial cando o gardador solicite unha prestación económica a favor da persoa con discapacidade, sempre que esta non supoña un cambio significativo na forma de vida da persoa, ou realice actos xurídicos sobre bens desta que teñan escasa relevancia económica e carezan de especial significado persoal ou familiar.

A autoridade xudicial poderá acordar o nomeamento dun defensor xudicial para aqueles asuntos que pola súa natureza o exixan.

Artigo 265.

A través dun expediente de xurisdición voluntaria, a autoridade xudicial poderá requirir o gardador en calquera momento, de oficio, por solicitude do Ministerio Fiscal ou por instancia de calquera interesado, para que informe da súa actuación, e establecer as salvagardas que considere necesarias.

Así mesmo, poderá exixir que o gardador renda contas da súa actuación en calquera momento.

Artigo 266.

O gardador ten dereito ao reembolso dos gastos xustificadas e á indemnización polos danos derivados da garda, a cargo dos bens da persoa a que presta apoio.

Artigo 267.

A garda de feito extínguese:

- 1.º Cando a persoa a quen se preste apoio solicite que este se organice doutro modo.
- 2.º Cando desaparezan as causas que a motivaron.
- 3.º Cando o gardador desista da súa actuación; nese caso, deberao pór previamente en coñecemento da entidade pública que no respectivo territorio teña

encomendada as funcións de promoción da autonomía e asistencia ás persoas con discapacidade.

4.º Cando, por solicitude do Ministerio Fiscal ou de quen se interese por exercer o apoio da persoa baixo garda, a autoridade xudicial o considere conveniente.

CAPÍTULO IV

Da curatela

Sección 1.ª Disposicións xerais

Artigo 268.

As medidas tomadas pola autoridade xudicial no procedemento de provisión de apoios serán proporcionadas ás necesidades da persoa que as precise, respectarán sempre a máxima autonomía desta no exercicio da súa capacidade xurídica e atenderán en todo caso á súa vontade, desexos e preferencias.

As medidas de apoio adoptadas xudicialmente serán revisadas periodicamente nun prazo máximo de tres anos. Con todo, a autoridade xudicial poderá, de maneira excepcional e motivada, no procedemento de provisión ou, de ser o caso, de modificación de apoios, establecer un prazo de revisión superior, que non poderá exceder os seis anos.

Sen prexuízo do anterior, as medidas de apoio adaptadas xudicialmente revisaranse, en todo caso, ante calquera cambio na situación da persoa que poida requirir unha modificación das ditas medidas.

Artigo 269.

A autoridade xudicial constituirá a curatela mediante resolución motivada cando non exista outra medida de apoio suficiente para a persoa con discapacidade.

A autoridade xudicial determinará os actos para os cales a persoa require asistencia do curador no exercicio da súa capacidade xurídica atendendo ás súas concretas necesidades de apoio.

Só nos casos excepcionais en que resulte imprescindible polas circunstancias da persoa con discapacidade, a autoridade xudicial determinará en resolución motivada os actos concretos en que o curador deberá asumir a representación da persoa con discapacidade.

Os actos en que o curador deba prestar o apoio deberán fixarse de maneira precisa, con indicación, de ser o caso, de cales son aqueles onde debe exercer a representación. O curador actuará baixo os criterios fixados no artigo 249.

En ningún caso poderá incluír a resolución xudicial a mera privación de dereitos.

Artigo 270.

A autoridade xudicial establecerá na resolución que constitúa a curatela ou noutra posterior as medidas de control que considere oportunas para garantir o respecto dos dereitos, a vontade e as preferencias da persoa que precisa o apoio, así como para evitar os abusos, os conflitos de intereses e a influencia indebida. Tamén lle poderá exixir en calquera momento ao curador que, no ámbito das súas funcións, informe sobre a situación persoal ou patrimonial daquela.

Sen prexuízo das revisións periódicas destas resolucións, o Ministerio Fiscal poderá solicitar en calquera momento a información que considere necesaria co fin de garantir o bo funcionamento da curatela.

*Sección 2.^a Da autocuratela e do nomeamento do curador**Subsección 1.^a Da autocuratela*

Artigo 271.

Calquera persoa maior de idade ou menor emancipada, en previsión da concorrencia de circunstancias que poidan dificultarlle o exercicio da súa capacidade xurídica en igualdade de condicións coas demais, poderá propor en escritura pública o nomeamento ou a exclusión dunha ou de varias persoas determinadas para o exercicio da función de curador.

Poderá, igualmente, establecer disposicións sobre o funcionamento e contido da curatela e, en especial, sobre o coidado da súa persoa, regras de administración e disposición dos seus bens, retribución do curador, obriga de facer inventario ou a súa dispensa e medidas de vixilancia e control, así como propor as persoas que deban levarlas a cabo.

Artigo 272.

A proposta de nomeamento e demais disposicións voluntarias a que se refire o artigo anterior vincularán a autoridade xudicial ao constituír a curatela.

Con todo, a autoridade xudicial poderá prescindir total ou parcialmente desas disposicións voluntarias, de oficio ou por instancia das persoas chamadas por lei a exercer a curatela ou do Ministerio Fiscal e, sempre mediante resolución motivada, se existen circunstancias graves descoñecidas pola persoa que as estableceu ou alteración das causas expresadas por ela ou que presumiblemente tivo en conta nas súas disposicións.

Artigo 273.

Se ao establecer a autocuratela se propón o nomeamento de substitutos ao curador e non se concreta a orde da substitución, preferirase o proposto no documento posterior. Se se propoñen varios no mesmo documento, preferirase o proposto en primeiro lugar.

Artigo 274.

Poderase delegar no cónxuxe ou noutra persoa a elección do curador de entre os relacionados en escritura pública pola persoa interesada.

Subsección 2.^a Do nomeamento do curador

Artigo 275.

1. Poderán ser curadoras as persoas maiores de idade que, a xuízo da autoridade xudicial, sexan aptas para o adecuado desempeño da súa función.

Así mesmo, poderán ser curadoras as fundacións e demais persoas xurídicas sen ánimo de lucro, públicas ou privadas, entre cuxos fins figure a promoción da autonomía e asistencia ás persoas con discapacidade.

2. Non poderá ser curador:

1.º Quen fose excluído pola persoa que precise apoio.

2.º Quen, por resolución xudicial, estea privado ou suspendido no exercicio da patria potestade ou, total ou parcialmente, dos dereitos de garda e protección.

3.º Quen fose legalmente removido dunha tutela, curatela ou garda anterior.

3. A autoridade xudicial non poderá nomear como curador, salvo circunstancias excepcionais debidamente motivadas, as persoas seguintes:

1.º Quen fose condenado por calquera delito que faga supor fundadamente que non desempeñará ben a curatela.

2.º Quen teña conflito de intereses coa persoa que precise apoio.

3.º O administrador que fose substituído nas súas facultades de administración durante a tramitación do procedemento concursal.

4.º Aquele a quen lle sexa imputable a declaración como culpable dun concurso, salvo que a curatela o sexa soamente da persoa.

Artigo 276.

A autoridade xudicial nomeará curador a quen fose proposto para o seu nomeamento pola persoa que precise apoio ou pola persoa en quen esta delegase, salvo que concorran algunha das circunstancias previstas no parágrafo segundo do artigo 272. A autoridade xudicial observará tamén o disposto no artigo 275.

Na falta de tal proposta, a autoridade xudicial nomeará curador:

1.º O cónxuxe ou quen se atope nunha situación de feito asimilable, sempre que conviva coa persoa que precisa o apoio.

2.º O fillo ou descendente. Se foren varios, será preferido o que deles conviva coa persoa que precisa o apoio.

3.º O proxenitor ou, na súa falta, ascendente. Se foren varios, será preferido aquel deles que conviva coa persoa que precisa o apoio.

4.º A persoa ou persoas que o cónxuxe ou a parella convivente ou os proxenitores dispuxesen en testamento ou documento público.

5.º Quen estivese actuando como gardador de feito.

6.º O irmán, parente ou achegado que conviva coa persoa que precisa a curatela.

7.º Unha persoa xurídica en quen concorran as condicións indicadas no parágrafo segundo do número 1 do artigo anterior.

A autoridade xudicial poderá alterar a orde do punto anterior, unha vez oída a persoa que precise apoio.

Cando, unha vez oída, non resultar clara a súa vontade, a autoridade xudicial poderá alterar a orde legal, e nomeará a persoa máis idónea para comprender e interpretar a súa vontade, desexos e preferencias.

Artigo 277.

Pódese propor o nomeamento de máis dun curador se a vontade e as necesidades da persoa que precisa o apoio o xustifican. En particular, poderán separarse como cargos distintos os de curador da persoa e curador dos bens.

Cando a curatela sexa confiada a varias persoas, a autoridade xudicial establecerá o modo de funcionamento, respectando a vontade da persoa que precisa o apoio.

Artigo 278.

Serán removidos da curatela aqueles que, despois do nomeamento, incorran nunha causa legal de inhabilidade, ou se conduzan mal no seu desempeño por incumprimento dos deberes propios do cargo, por notoria ineptitude do seu exercicio ou cando, de ser o caso, xurdisen problemas de convivencia graves e continuados coa persoa a que prestan apoio.

A autoridade xudicial, de oficio ou por solicitude da persoa a cuxo favor se estableceu o apoio ou do Ministerio Fiscal, cando coñecer por si ou a través de calquera interesado circunstancias que comprometan o desempeño correcto da curatela, poderá decretar a remoción do curador mediante expediente de xurisdición voluntaria.

Durante a tramitación do expediente de remoción a autoridade xudicial poderá suspender o curador nas súas funcións e, de consideralo necesario, acordará o nomeamento dun defensor xudicial.

Unha vez declarada xudicialmente a remoción, nomearase o novo curador na forma establecida neste código, salvo que sexa pertinente outra medida de apoio.

Artigo 279.

Será escusable o desempeño da curatela se resulta excesivamente gravoso ou entraña grave dificultade para a persoa nomeada para o exercicio do cargo. Tamén poderá escusarse o curador de continuar exercendo a curatela cando durante o seu desempeño lle sobreveñan os motivos de escusa.

As persoas xurídicas privadas poderán escusarse cando carezan de medios suficientes para o adecuado desempeño da curatela ou as condicións de exercicio da curatela non sexan acordes cos seus fins estatutarios.

O interesado que alegue causa de escusa deberá facelo dentro do prazo de quince días contados desde que teña coñecemento do nomeamento. Se a causa for sobrevinda, poderá facelo en calquera momento.

Mentres a autoridade xudicial resolva acerca da escusa, o nomeado estará obrigado a exercer a súa función. Se non o fixer e for necesaria unha actuación de apoio, nomearase un defensor xudicial que substitúa o curador, e quedará o substituído responsable dos gastos ocasionados pola escusa, se esta fose rexeitada.

Admitida a escusa, nomearase o novo curador.

Artigo 280.

O curador nomeado en atención a unha disposición testamentaria que se escuse da curatela por calquera causa perderá o que, en consideración ao nomeamento, lle deixase o testador.

Artigo 281.

O curador ten dereito a unha retribución, sempre que o patrimonio da persoa con discapacidade o permita, así como ao reembolso dos gastos xustificadas e á indemnización dos danos sufridos sen culpa pola súa parte no exercicio da súa función, cantidades que serán satisfeitas con cargo ao devandito patrimonio.

Correspóndelle á autoridade xudicial fixar o seu importe e o modo de percibilo, para o cal terá en conta o traballo que se deba realizar e o valor e a rendibilidade dos bens.

En ningún caso, a admisión de causa de escusa ou a decisión de remoción das persoas físicas ou xurídicas designadas para o desempeño dos apoios poderá xerar desprotección ou indefensión á persoa que precisa os ditos apoios, e a autoridade xudicial deberá actuar de oficio, mediante a colaboración necesaria dos chamados a iso, ou ben, de non poder contar con estes, coa inescusable colaboración dos organismos ou entidades públicas competentes e do Ministerio Fiscal.

Non concorrerá causa de escusa cando o desempeño dos apoios fose encomendado a unha entidade pública.

Sección 3.^a Do exercicio da curatela

Artigo 282.

O curador tomará posesión do seu cargo ante o letrado da Administración de xustiza.

Unha vez no exercicio da curatela, estará obrigado a manter contacto persoal coa persoa a que vai prestar apoio e a desempeñar as funcións encomendadas coa dilixencia debida.

O curador asistirá a persoa a quen preste apoio no exercicio da súa capacidade xurídica respectando a súa vontade, desexos e preferencias.

O curador procurará que a persoa con discapacidade poida desenvolver o seu propio proceso de toma de decisións.

O curador procurará fomentar as aptitudes da persoa a quen preste apoio, de modo que poida exercer a súa capacidade con menos apoio no futuro.

Artigo 283.

Cando quen desempeñe a curatela estea impedido de modo transitorio para actuar nun caso concreto, ou cando exista un conflito de intereses ocasional entre el e a persoa a quen preste apoio, o letrado da Administración de xustiza nomeará un defensor xudicial que o substitúa. Para este nomeamento oírase a persoa que precise o apoio e respectaranse a súa vontade, desexos e preferencias.

Se, no caso previsto no parágrafo anterior, foren varios os curadores con funcións homoxéneas, estas serán asumidas por quen de entre eles non estea afectado polo impedimento ou o conflito de intereses.

Se a situación de impedimento ou conflito fose prolongada ou reiterada, a autoridade xudicial, de oficio, por instancia do Ministerio Fiscal, de calquera persoa lexitimada para instar o procedemento de provisión de apoios ou de calquera persoa que estea desempeñando a curatela, e logo de audiencia á persoa con discapacidade e ao Ministerio Fiscal, poderá reorganizar o funcionamento da curatela, e mesmo proceder ao nomeamento dun novo curador.

Artigo 284.

Cando a autoridade xudicial o considere necesario por concorreren razóns excepcionais, poderalle exixir ao curador a constitución de fianza que asegure o cumprimento das súas obrigas e determinará a súa modalidade e contía. Unha vez constituída, a fianza será obxecto de aprobación xudicial.

En calquera momento a autoridade xudicial poderá modificar ou deixar sen efecto a garantía que se prestou.

Artigo 285.

O curador con facultades representativas estará obrigado a facer inventario do patrimonio da persoa en cuxo favor se estableceu o apoio dentro do prazo de sesenta días, contados desde aquel en que tomase posesión do seu cargo.

O inventario formarase ante o letrado da Administración de xustiza, con citación das persoas que considere conveniente.

O letrado da Administración de xustiza poderá prorrogar o prazo previsto no parágrafo primeiro se concorrer causa para iso.

O diñeiro, alfaías, obxectos preciosos e valores mobiliarios ou documentos que, a xuízo do letrado da Administración de xustiza, non deban quedar en poder do curador serán depositados nun establecemento destinado para este efecto.

Os gastos que as anteriores medidas ocasionen serán a cargo dos bens da persoa en cuxo apoio se estableceu a curatela.

Artigo 286.

No caso de que o curador non inclúa no inventario os créditos que teña contra a persoa a que presta apoio, entenderase que renuncia a eles.

Artigo 287.

O curador que exerza funcións de representación da persoa que precisa o apoio necesita autorización xudicial para os actos que determine a resolución e, en todo caso, para os seguintes:

1.º Realizar actos de transcendencia persoal ou familiar cando a persoa afectada non poida facelo por si mesma, todo iso sen prexuízo do disposto

legalmente en materia de internamento, consentimento informado no ámbito da saúde ou noutras leis especiais.

2.º Allear ou gravar bens inmoables, establecementos mercantís ou industriais, bens ou dereitos de especial significado persoal ou familiar, bens móbiles de extraordinario valor, obxectos preciosos e valores mobiliarios non cotizados en mercados oficiais da persoa con medidas de apoio, dar inmoables en arrendamento por termo inicial que exceda os seis anos, ou subscribir contratos ou realizar actos que teñan carácter dispositivo e sexan susceptibles de inscrición. Exceptúase a venda do dereito de subscripción preferente de accións. O alleamento dos bens mencionados neste parágrafo realizárase mediante venda directa, salvo que o tribunal considere que é necesario o alleamento en poxa xudicial para mellor e plena garantía dos dereitos e intereses do seu titular.

3.º Dispor a título gratuito de bens ou dereitos da persoa con medidas de apoio, salvo os que teñan escasa relevancia económica e carezan de especial significado persoal ou familiar.

4.º Renunciar a dereitos, así como transixir ou someter a arbitraje cuestións relativas aos intereses da persoa cuxa curatela exerce, salvo que sexan de escasa relevancia económica. Non se precisará a autorización xudicial para a arbitraje de consumo.

5.º Aceptar sen beneficio de inventario calquera herdanza ou repudiar esta ou as liberalidades.

6.º Facer gastos extraordinarios nos bens da persoa a que presta apoio.

7.º Interpor demanda en nome da persoa a que presta apoio, salvo nos asuntos urxentes ou de escasa contía. Non será precisa a autorización xudicial cando a persoa con discapacidade inste a revisión da resolución xudicial en que previamente se lle determinaron os apoios.

8.º Dar e tomar diñeiro a préstamo e prestar aval ou fianza.

9.º Subscribir contratos de seguro de vida, renda vitalicia e outros análogos, cando estes requiran de investimentos ou achegas de contía extraordinaria.

Artigo 288.

A autoridade xudicial, cando o considere adecuado para garantir a vontade, desexos e preferencias da persoa con discapacidade, poderá autorizarlle ao curador que realice unha pluralidade de actos da mesma natureza ou referidos á mesma actividade económica, especificando as circunstancias e características fundamentais dos devanditos actos.

Artigo 289.

Non necesitarán autorización xudicial a partición de herdanza ou a división de cousa común realizada polo curador representativo pero, unha vez practicadas, requirirán aprobación xudicial. Se for nomeado un defensor xudicial para a partición, deberá obter tamén a aprobación xudicial, salvo que se dispuxese outra cousa ao facer o nomeamento.

Artigo 290.

Antes de autorizar ou aprobar calquera dos actos comprendidos nos artigos anteriores, a autoridade xudicial oír á o Ministerio Fiscal e a persoa con medidas de apoio e obterá os informes que lle sexan solicitados ou considere pertinentes.

Sección 4.ª Da extinción da curatela

Artigo 291.

A curatela extínguese de pleno dereito pola morte ou declaración de falecemento da persoa con medidas de apoio.

Así mesmo, a curatela extínguese mediante resolución xudicial cando xa non sexa precisa esta medida de apoio ou cando se adopte unha forma de apoio máis adecuada para a persoa sometida a curatela.

Artigo 292.

O curador, sen prexuízo da obriga de rendición periódica de contas que, de ser o caso, lle impuxese a autoridade xudicial, ao cesar nas súas funcións deberá render ante ela a conta xeral xustificada da súa administración no prazo de tres meses, prorrogables durante o tempo que for necesario se concorre xusta causa.

A acción para exixir a rendición desta conta prescribe aos cinco anos, contados desde a terminación do prazo establecido para efectuala.

Antes de resolver sobre a aprobación da conta, a autoridade xudicial oírán tamén, de ser o caso, o novo curador, a persoa a que se prestou apoio ou os seus herdeiros.

A aprobación xudicial das contas non impedirá o exercicio das accións que reciprocamente poidan asistir o curador e a persoa con discapacidade que recibe o apoio ou os seus habentes causa por razón da curatela.

Artigo 293.

Os gastos necesarios da rendición de contas serán a cargo do patrimonio da persoa a que se prestou apoio.

O saldo da conta xeral devindicará o xuro legal, a favor ou en contra do curador. Se o saldo é a favor do curador, o xuro legal devindicarase desde o requirimento para o pagamento, logo de restitución dos bens ao seu titular. Se é en contra do curador, devindicará o xuro legal unha vez transcorridos os tres meses seguintes á aprobación da conta.

Artigo 294.

O curador responderá dos danos que causase pola súa culpa ou negligencia á persoa a que preste apoio.

A acción para reclamar esta responsabilidade prescribe aos tres anos contados desde a rendición final de contas.

CAPÍTULO V

Do defensor xudicial da persoa con discapacidade

Artigo 295.

Nomearase un defensor xudicial das persoas con discapacidade nos casos seguintes:

1.º Cando, por calquera causa, quen deba prestar apoio non poida facelo, ata que cese a causa determinante ou se designe outra persoa.

2.º Cando exista conflito de intereses entre a persoa con discapacidade e a que deba prestarlle apoio.

3.º Cando, durante a tramitación da escusa alegada polo curador, a autoridade xudicial o considere necesario.

4.º Cando se promove a provisión de medidas xudiciais de apoio á persoa con discapacidade e a autoridade xudicial considere necesario prover a administración dos bens ata que se dite resolución xudicial.

5.º Cando a persoa con discapacidade requira o establecemento de medidas de apoio de carácter ocasional, aínda que sexa recorrente.

Unha vez oída a persoa con discapacidade, a autoridade xudicial nomeará defensor xudicial a quen sexa máis idóneo para respectar, comprender e interpretar a vontade, desexos e preferencias daquela.

Artigo 296.

Non se nomeará defensor xudicial se o apoio se encomendou a máis dunha persoa, salvo que ningunha poida actuar ou a autoridade xudicial motivadamente considere necesario o nomeamento.

Artigo 297.

Serán aplicables ao defensor xudicial as causas de inhabilidade, escusa e remoción do curador, así como as obrigas que a este se lle atribúen de coñecer e respectar a vontade, desexos e preferencias da persoa a quen se preste apoio.

Artigo 298.

No nomeamento poderase dispensar o defensor xudicial da venda en poxa pública, fixando un prezo mínimo, e da aprobación xudicial posterior dos actos.

O defensor xudicial, unha vez realizada a súa xestión, deberá render contas dela.

CAPÍTULO VI

Responsabilidade por danos causados a outros

Artigo 299.

A persoa con discapacidade responderá polos danos causados a outros, de acordo co capítulo II do título XVI do libro cuarto, sen prexuízo do establecido en materia de responsabilidade extracontractual respecto a outros posibles responsables.»

Vinte e catro. Suprímese o actual título XII do libro primeiro.

Vinte e cinco. Introdúcese un novo título XII no libro primeiro, coa seguinte rúbrica e contido:

«TÍTULO XII

Disposicións comúns

Artigo 300.

As resolucións xudiciais e os documentos públicos notariais sobre os cargos tutelares e medidas de apoio a persoas con discapacidade deberán inscribirse no Rexistro Civil.»

Vinte e seis. Dáse nova redacción ao artigo 443, co seguinte texto:

«Toda persoa pode adquirir a posesión das cousas.

Os menores necesitan da asistencia dos seus representantes lexítimos para usar dos dereitos que da posesión nazan ao seu favor.

As persoas con discapacidade a cuxo favor se estableceron medidas de apoio poden facer uso dos dereitos derivados da posesión conforme o que resulte destas.»

Vinte e sete. O artigo 663 redáctase como se indica a continuación:

«Non poden testar:

1.º A persoa menor de catorce anos.

2.º A persoa que no momento de testar non poida conformar ou expresar a súa vontade nin aínda con axuda de medios ou apoios para iso.»

Vinte e oito. O artigo 665 redáctase co seguinte texto:

«A persoa con discapacidade poderá outorgar testamento cando, a xuízo do notario, poida comprender e manifestar o alcance das súas disposicións. O notario procurará que a persoa outorgante desenvolva o seu propio proceso de toma de decisións apoiándoo na súa comprensión e razoamento e facilitando, cos axustes que resulten necesarios, que poida expresar a súa vontade, desexos e preferencias.»

Vinte e nove. O artigo 695 pasa a ter a redacción que se indica:

«O testador expresará oralmente, por escrito ou mediante calquera medio técnico, material ou humano, a súa última vontade ao notario. Redactado por este o testamento conforme ela e con expresión do lugar, ano, mes, día e hora do seu outorgamento e advertido o testador do dereito que ten a lelo por si, lerao o notario en voz alta para que o testador manifeste se está conforme coa súa vontade. Se o estiver, será asinado no acto polo testador que poida facelo e, de ser o caso, polas testemuñas e demais persoas que deban concorrer.

Se o testador declara que non sabe ou non pode asinar, farao por el e pola súa petición unha das testemuñas.

Cando o testador teña dificultade ou imposibilidade para ler o testamento ou para oír a lectura do seu contido, o notario asegurase, utilizando os medios técnicos, materiais ou humanos adecuados, de que o testador entendeu a información e as explicacións necesarias e de que coñece que o testamento recolle fielmente a súa vontade.»

Trinta. Suprímese o ordinal 2.º do artigo 697, e pasa o ordinal 3.º a ser o 2.º

Trinta e un. Dáse unha nova redacción ao parágrafo terceiro do artigo 706, do modo seguinte:

«Se estiver escrito por calquera medio técnico ou por outra persoa por rogo do testador, este porá a súa sinatura en todas as súas follas e ao pé do testamento. Se o testamento se redactou en soporte electrónico, deberá asinarse cunha sinatura electrónica recoñecida.»

Trinta e dous. O artigo 708 redáctase co seguinte teor:

«Non poden facer testamento pechado as persoas que non saiban ou non poidan ler.

As persoas con discapacidade visual poderán outorgalo, utilizando medios mecánicos ou tecnolóxicos que lles permitan escribilo e lelo, sempre que se observen os restantes requisitos de validez establecidos neste código.»

Trinta e tres. Modifícase o inciso inicial do artigo 709 e engádese un último parágrafo, nos termos seguintes:

«As persoas que non poidan expresarse verbalmente, pero si escribir, poderán outorgar testamento pechado, e observarse o seguinte:»

«As persoas con discapacidade visual, ao faceren a presentación do testamento, deberán expresar na cuberta, por medios mecánicos ou tecnolóxicos que lles permitan ler o escrito, que dentro dela se contén o seu testamento, con expresión do medio empregado e de que o testamento está asinado por elas.»

Trinta e catro. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 742 co sentido que se indica a continuación:

«O testamento será, no entanto, válido cando se probar que ocorreu o dano sen vontade nin coñecemento do testador ou encontrándose este afectado por alteracións graves na súa saúde mental; pero se aparecer rota a cuberta ou quebrantados os selos, será necesario probar, ademais, a autenticidade do testamento para a súa validez.»

Trinta e cinco. Dáse nova redacción ao artigo 753, co seguinte texto:

«Tampouco producirá efecto a disposición testamentaria en favor de quen sexa titor ou curador representativo do testador, salvo cando se fixese despois da extinción da tutela ou curatela.

Será nula a disposición feita polas persoas que se encontran internadas por razóns de saúde ou asistencia, a favor dos seus coidadores que sexan titulares, administradores ou empregados do establecemento público ou privado en que aquelas estean internadas. Tamén será nula a disposición realizada a favor dos citados establecementos.

As demais persoas físicas que presten servizos de coidado, asistenciais ou de natureza análoga ao causante só poderán ser favorecidas na sucesión deste se é ordenada en testamento notarial aberto.

Serán, no entanto, válidas as disposicións feitas en favor do titor, curador ou coidador que sexa parente con dereito a suceder *ab intestato*.»

Trinta e seis. Dáse nova redacción ao parágrafo terceiro do ordinal 2.º e ao ordinal 7.º do artigo 756, que quedan redactados así:

«Tamén o privado por resolución firme da patria potestade, ou removido do exercicio da tutela ou acollemento familiar dun menor ou do exercicio da curatela dunha persoa con discapacidade por causa que lle sexa imputable, respecto da herdanza deste.»

«7.º Tratándose da sucesión dunha persoa con discapacidade, as persoas con dereito á herdanza que non lle prestaron as atencións debidas, entendendo por tales as reguladas nos artigos 142 e 146 do Código civil.»

Trinta e sete. Suprímese o artigo 776.

Trinta e oito. O artigo 782 redáctase conforme se indica a continuación:

«As substitucións fideicomisarias nunca poderán gravar a lexítima, salvo cando se establezan, nos termos establecidos no artigo 808, en beneficio dun ou varios fillos do testador que se encontren nunha situación de discapacidade.

Se a substitución fideicomisaria recaer sobre o terzo destinado a mellora, só se poderá establecer a favor dos descendentes.»

Trinta e nove. Suprímese o terceiro parágrafo do artigo 808, pasa o actual cuarto parágrafo a ocupar o terceiro lugar e engádense a continuación dous novos parágrafos, de forma que queda coa seguinte redacción:

«Constitúen a lexítima dos fillos e descendentes as dúas terceiras partes do haber hereditario dos proxenitores.

Con todo, poderán estes dispor dunha parte das dúas que forman a lexítima, para aplicala como mellora aos seus fillos ou descendentes.

A terceira parte restante será de libre disposición.

Cando algún ou varios dos lexitimarios se atoparen nunha situación de discapacidade, o testador poderá dispor ao seu favor da lexítima estrita dos demais lexitimarios sen discapacidade. En tal caso, salvo disposición contraria do testador,

o así recibido polo fillo beneficiado quedará gravado con substitución fideicomisaria de residuo a favor dos que visen afectada a súa lexítima estrita e non poderá aquel dispor de tales bens nin a título gratuito nin por acto *mortis causa*.

Cando o testador fixese uso da facultade que lle concede o parágrafo anterior, corresponderalle ao fillo que impugne o gravame da súa lexítima estrita acreditar que non concorre causa que a xustifique.»

Corenta. Dáse nova redacción ao segundo parágrafo do artigo 813, segundo se indica:

«Tampouco poderá impor sobre ela gravame, nin condición, nin substitución de ningunha especie, salvo o disposto en canto ao usufruto do viúvo e o establecido nos artigos 782 e 808.»

Corenta e un. Dáse nova redacción aos parágrafos primeiro e segundo do artigo 822, co seguinte texto:

«A doazón ou legado dun dereito de habitación sobre a vivenda habitual que o seu titular faga a favor dun lexitimario que se atope nunha situación de discapacidade non se computará para o cálculo das lexítimas se no momento do falecemento ambos estiveren a convivir nela.

Este dereito de habitación atribuirase por ministerio da lei nas mesmas condicións ao lexitimario que se ache na situación prevista no parágrafo anterior, que o necesite e que estiver a convivir co falecido, a menos que o testador dispuxese outra cousa ou o excluísese expresamente, pero o seu titular non poderá impedir que continúen convivindo os demais lexitimarios mentres o necesiten.»

Corenta e dous. Dáse nova redacción ao artigo 996, que queda redactado así:

«A aceptación da herdanza pola persoa con discapacidade será prestada por esta, salvo que resulte outra cousa das medidas de apoio establecidas.»

Corenta e tres. Redáctase o artigo 1041 co seguinte teor:

«Non estarán suxeitos a colación os gastos de alimentos, educación, curación de enfermidades, aínda que sexan extraordinarias, aprendizaxe, nin os agasallos de costume.

Tampouco estarán suxeitos a colación os gastos realizados polos proxenitores e ascendentes para cubrir as necesidades especiais dos seus fillos ou descendentes requiridas pola súa situación de discapacidade.»

Corenta e catro. Dáse nova redacción ao artigo 1052, segundo se indica a continuación:

«Todo coherdeiro que teña a libre administración e disposición dos seus bens poderá pedir en calquera tempo a partición da herdanza. Farano os seus representantes legais se o coherdeiro está en situación de ausencia. Se o coherdeiro conta con medidas de apoio por razón de discapacidade, observarase o que se dispoña nestas.»

Corenta e cinco. Modifícase o parágrafo terceiro e engádese un cuarto parágrafo ao artigo 1057, coa seguinte redacción:

«O disposto neste artigo e no anterior observarase aínda que entre os coherdeiros haxa algún suxeito a patria potestade ou tutela, pero o contador-partidor deberá nestes casos inventariar os bens da herdanza, con citación dos representantes legais das ditas persoas.

Se o coherdeiro tivese dispostas medidas de apoio, observarase o establecido nelas.»

Corenta e seis. Redáctase o artigo 1060 como se indica a continuación:

«Cando os menores estean legalmente representados na partición, non será necesaria a intervención nin a autorización xudicial, pero o tutor necesitará aprobación xudicial da xa efectuada. O defensor xudicial designado para representar un menor nunha partición deberá obter a aprobación da autoridade xudicial se o letrado da Administración de xustiza non dispuxese outra cousa ao facer o nomeamento.

Tampouco será necesaria autorización nin intervención xudicial na partición realizada polo curador con facultades de representación. A partición, unha vez practicada, requirirá aprobación xudicial.

A partición realizada polo defensor xudicial designado para actuar na partición en nome dun menor ou dunha persoa a cuxo favor se estableceron medidas de apoio necesitará a aprobación xudicial, salvo que se dispuxese outra cousa ao facer o nomeamento.»

Corenta e sete. Substitúese o primeiro parágrafo do artigo 1163 polo que se indica a continuación:

«O pagamento feito a unha persoa menor de idade será válido en canto se convertese na súa utilidade. Esta regra tamén será aplicable aos pagamentos realizados a unha persoa con discapacidade con medidas de apoio establecidas para recibilo e que actúe sen os ditos apoios, no caso de que o debedor ou a persoa que realice o pagamento coñecese da existencia de medidas de apoio no momento da contratación ou se aproveitase doutro xeito da situación de discapacidade e obtívase diso unha vantaxe inxusta.»

Corenta e oito. O artigo 1263 redáctase co seguinte teor:

«Os menores de idade non emancipados poderán subscribir aqueles contratos que as leis lles permitan realizar por si mesmos ou con asistencia dos seus representantes e os relativos a bens e servizos da vida corrente propios da súa idade de conformidade cos usos sociais.»

Corenta e nove. Dáse nova redacción ao ordinal 1.º do artigo 1291, co seguinte teor:

«1.º Os contratos que puidesen subscribir sen autorización xudicial os titores ou os curadores con facultades de representación, sempre que as persoas a quen representen sufrisen lesión en máis da cuarta parte do valor das cousas que fosen obxecto daqueles.»

Cincuenta. Substitúese o segundo parágrafo do artigo 1299 polo que figura a continuación:

«Para os menores suxeitos a tutela, para as persoas con discapacidade provistas de medidas de apoio que establezan facultades de representación e para os ausentes, os catro anos non empezarán a computar ata que se extinga a tutela ou a medida representativa de apoio, ou cese a situación de ausencia legal.»

Cincuenta e un. O artigo 1301 redáctase conforme se indica a continuación:

«A acción de nulidade caducará aos catro anos. Ese tempo empezará a correr:

- 1.º Nos casos de intimidación ou violencia, desde o día en que estas cesasen.
- 2.º Nos de erro, dolo ou falsidade da causa, desde a consumación do contrato.
- 3.º Cando a acción se refira aos contratos subscritos polos menores, desde que saíren da patria potestade ou a tutela.

4.º Cando a acción se refira aos contratos subscritos por persoas con discapacidade prescindindo das medidas de apoio previstas cando fosen precisas, desde a subscrición do contrato.

5.º Se a acción se dirixe a invalidar actos ou contratos realizados por un dos cónxuxes sen consentimento do outro, cando este consentimento for necesario, desde o día da disolución da sociedade conxugal ou do matrimonio, salvo que antes tivese coñecemento suficiente do devandito acto ou contrato.»

Cincuenta e dous. O artigo 1302 redáctase co seguinte teor:

«1. Poden exercer a acción de nulidade dos contraentes os obrigados principal ou subsidiariamente en virtude deles.

2. Os contratos subscritos por menores de idade poderán ser anulados polos seus representantes legais ou por eles cando alcancen a maioría de idade. Exceptúanse aqueles que poidan subscribir validamente por si mesmos.

3. Os contratos subscritos por persoas con discapacidade previstas de medidas de apoio para o exercicio da súa capacidade de contratar prescindindo das ditas medidas, cando fosen precisas, poderán ser anulados por elas, co apoio que precisen. Tamén poderán ser anulados polos seus herdeiros durante o tempo que faltase para completar o prazo, se a persoa con discapacidade falecese antes do transcurso do tempo en que puido exercer a acción.

Os contratos mencionados no parágrafo anterior tamén poderán ser anulados pola persoa a que correspondese prestar o apoio. Neste caso, a anulación só procederá cando o outro contratante fose coñecedor da existencia de medidas de apoio no momento da contratación ou se aproveitase doutro xeito da situación de discapacidade e obtivese diso unha vantaxe inxusta.

4. Os contratantes non poderán alegar a minoría de idade nin a falta de apoio daquel con quen contrataron; nin os que causaron a intimidación ou violencia ou empregaron o dolo ou produciron o erro poderán fundar a súa acción nestes vicios do contrato.»

Cincuenta e tres. O artigo 1304 redáctase co seguinte teor:

«Cando a nulidade proceda da minoría de idade, o contratante menor non estará obrigado a restituír senón en canto se enriqueceu coa prestación recibida. Esta regra será aplicable cando a nulidade proceda de ter prescindido das medidas de apoio establecidas cando fosen precisas, sempre que o contratante con dereito á restitución fose coñecedor da existencia de medidas de apoio no momento da contratación ou se aproveitase doutro xeito da situación de discapacidade e obtivese diso unha vantaxe inxusta.»

Cincuenta e catro. O artigo 1314 queda redactado como segue:

«Tamén se extinguirá a acción de nulidade dos contratos cando a cousa, obxecto destes, se perdesse por dolo ou culpa do que puidese exercer aquela.

Se a causa da acción fose a minoría de idade dalgún dos contratantes, a perda da cousa non será obstáculo para que a acción prevaleza, a menos que ocorrese por dolo ou culpa do reclamante despois de acadar a maioría de idade.

Se a causa da acción fose que o contratante con discapacidade prescindiu das medidas de apoio establecidas cando fosen precisas, a perda da cousa non será obstáculo para que a acción prevaleza, sempre que o outro contratante fose coñecedor da existencia de medidas de apoio no momento da contratación ou se aproveitase doutro xeito da situación de discapacidade e obtivese diso unha vantaxe inxusta.»

Cincuenta e cinco. Suprímese o artigo 1330.

Cincuenta e seis. O artigo 1387 redáctase co seguinte teor:

«A administración e disposición dos bens da sociedade de gananciais transferirase por ministerio da lei ao cónxuxe nomeado curador do seu consorte con discapacidade, cando lle fosen atribuídas facultades de representación plena.»

Cincuenta e sete. Dáse nova redacción ao ordinal 1.º do artigo 1393, nos seguintes termos:

«1.º Se respecto do outro cónxuxe se dispuxesen xudicialmente medidas de apoio que impliquen facultades de representación plena na esfera patrimonial, se fose declarado ausente ou en concurso, ou condenado por abandono de familia. Para que a autoridade xudicial acorde a disolución bastará que o cónxuxe que a pedise presente a correspondente resolución xudicial.»

Cincuenta e oito. O ordinal 1.º do artigo 1459 substitúese polo que figura a continuación:

«1.º Aqueles que desempeñen cargo de titor ou funcións de apoio, os bens da persoa ou persoas a que representen.»

Cincuenta e nove. O artigo 1548 redáctase co seguinte teor:

«Os proxenitores ou titores, respecto dos bens dos menores, e os administradores de bens que non teñan poder especial non poderán dar en arrendamento as cousas por termo que exceda os seis anos.»

Sesenta. Dáse nova redacción ao ordinal 3º do artigo 1700, engádese un novo ordinal 5º e modifícase o parágrafo final, nos seguintes termos:

«3.º Por morte ou concurso de calquera dos socios e no caso previsto no artigo 1699.»

«5.º Cando respecto dalgún dos socios se dispuxesen medidas de apoio que impliquen facultades de representación plena na esfera patrimonial.

Exceptúanse do disposto nos números 3.º, 4.º e 5.º deste artigo as sociedades a que se refire o artigo 1670, nos casos en que deban subsistir conforme o Código de comercio.»

Sesenta e un. Dáse nova redacción ao artigo 1732, co texto que se indica:

«O mandato acábase:

- 1.º Pola súa revogación.
- 2.º Por renuncia do mandatario.
- 3.º Por morte ou por concurso do mandante ou do mandatario.
- 4.º Polo establecemento en relación co mandatario de medidas de apoio que incidan no acto en que deba intervir nesa condición.
- 5.º Pola constitución en favor do mandante da curatela representativa como medida de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica, sen prexuízo do disposto neste código respecto dos mandatos preventivos.»

Sesenta e dous. O artigo 1764 redáctase co seguinte teor:

«O depósito feito por un menor ou por persoa con discapacidade sen contar coa medida de apoio prevista vinculará o depositario a todas as obrigas que nacen do contrato de depósito.»

Sesenta e tres. O artigo 1765 redáctase do seguinte modo:

«Se o depósito foi feito nun menor, o depositante só terá acción para reivindicar a cousa depositada mentres exista en poder do depositario ou a que este lle aboe a

cantidade en que se enriquecese coa cousa ou co prezo. Esta regra tamén resultará de aplicación cando o depósito fose feito nunha persoa con discapacidade que prescindise das medidas de apoio previstas cando fosen precisas e o depositante fose coñecedor da existencia de medidas de apoio no momento da contratación ou se aproveitase doutro modo da situación de discapacidade e obtivese diso unha vantaxe inxusta.»

Sesenta e catro. O artigo 1773 redáctase co seguinte teor:

«Cando o depositante, despois de facer o depósito, contase con medidas de apoio, a devolución do depósito axustarase ao que resulte daquelas.»

Sesenta e cinco. O artigo 1811 redáctase conforme se indica a continuación:

«O titor e o curador con facultades de representación necesitarán autorización xudicial para transixir sobre cuestións relativas aos intereses da persoa cuxa representación exerzan, salvo que se trate de asuntos de escasa relevancia económica.»

Sesenta e seis. Modifícase o parágrafo terceiro do artigo 1903 e introdúcese un parágrafo cuarto, co texto que se indica a continuación:

«Os titores sono dos prexuízos causados polos menores que están baixo a súa autoridade e habitan na súa compañía.

Os curadores con facultades de representación plena sono dos prexuízos causados pola persoa a quen presten apoio, sempre que convivan con ela.»

Sesenta e sete. Modifícase a disposición adicional cuarta, que queda redactada como segue:

«A referencia á discapacidade que se realiza nos artigos 96, 756 número 7.º, 782, 808, 822 e 1041 entenderase feita ao concepto definido na Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, e ás persoas que están en situación de dependencia de grao II ou III de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Para os efectos dos demais preceptos deste código, salvo que resulte outra cousa da dicción do artigo de que se trate, toda referencia á discapacidade deberá ser entendida a aquela que faga precisa a provisión de medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica.»

Artigo terceiro. *Modificación da Lei hipotecaria, aprobada polo Decreto do 8 de febreiro de 1946.*

A Lei hipotecaria queda modificada como segue:

Un. O ordinal cuarto do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«Cuarto. As resolucións xudiciais en que se declaren a ausencia ou o falecemento ou afecten a libre disposición de bens dunha persoa, e as resolucións a que se refire o parágrafo segundo do artigo 755 da Lei de axuízamento civil. As inscricións de resolucións xudiciais sobre medidas de apoio realizadas en virtude deste número practícaranse exclusivamente no libro sobre administración e disposición de bens inmoables.»

Dous. Suprímese o artigo 28.

Tres. O punto quinto do artigo 42 redáctase co seguinte teor:

«Quinto. O que instar ante o órgano xudicial competente demanda dalgunha das resolucións expresadas no punto cuarto do artigo 2, salvo as relativas a medidas de apoio a persoas con discapacidade.»

Catro. Modifícase o artigo 165, dando nova redacción ao parágrafo inicial e introducindo unha nova regra sexta co seguinte teor:

«Para constituír ou ampliar xudicialmente e por instancia de parte calquera hipoteca legal, procederase con suxeición ás regras seguintes:»

«Sexta. Tratándose de hipoteca legal por razón da fianza de titores, a competencia para decretar a hipoteca legal e a tramitación desta corresponderalle ao xulgado en que se tramite o nomeamento dos titores, conforme o disposto no artigo 192, e aplicárase o disposto nas regras anteriores no que non se opoñan ao dito precepto.»

Cinco. O suposto cuarto do artigo 168 queda redactado do seguinte modo:

«Cuarto. Os menores de idade suxeitos a tutela sobre os bens dos titores, por razón da responsabilidade en que puideren incorrer, sempre que a autoridade xudicial considere necesario que presten fianza e sen prexuízo dos casos en que se ofrezca outra garantía real ou persoal que sexa suficiente a xuízo da autoridade xudicial.»

Seis. O artigo 192 queda redactado do seguinte modo:

«A fianza hipotecaria que deberán prestar os titores, conforme o número cuarto do artigo 168, será decretada de oficio pola autoridade xudicial ou por instancia do Ministerio Fiscal ou de calquera parente con interese lexítimo, sempre que a autoridade xudicial considere necesaria a prestación da fianza e non se propuxese outra clase de garantía. Na resolución xudicial expresárase a contía da fianza e a obriga de achegar ao xulgado a escritura pública de hipoteca unilateral de máximo. A dita escritura, xunto coa aprobación xudicial, presentárase no rexistro ou rexistros competentes por razón da situación dos bens hipotecados e será obxecto de cualificación e inscrición de acordo cos requisitos establecidos nesta lei.

A hipoteca legal poderase cancelar cando a autoridade xudicial o decrete por aceptar a substitución por outra garantía persoal ou real. Así mesmo, cancelárase cando fosen aprobadas as contas da tutela de que se trate e, en todo caso, cando transcorresen tres anos desde a rendición final de contas sen que conste no rexistro ningunha reclamación por razón delas.»

Sete. O número 9 do artigo 222 queda redactado como segue:

«9. Co obxecto de dar cumprimento ao disposto neste artigo, disporase dos instrumentos necesarios para proporcionarlles a todos eles información por telefax ou comunicación electrónica, á elección do solicitante e co valor de nota simple informativa, sobre o contido do libro diario, de ser o caso, do libro de entrada, do libro de inscricións e do libro sobre administración e disposición de bens inmoables, salvo no atinente ás resolucións xudiciais que establezan medidas de apoio a persoas con discapacidade.»

Oito. O último parágrafo do número 5 do artigo 222 bis redáctase co seguinte teor:

«Cando a consulta se refira ás fichas do índice de persoas, faranse constar soamente as circunstancias da letra a) anterior. O mesmo se observará respecto do libro sobre administración e disposición de bens inmoables.»

Nove. Incorporárase un artigo 242 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 242 bis.

1. No libro sobre administración e disposición de bens inmobles a que se refire o punto cuarto do artigo 2 serán obxecto de asento as resolucións ditadas nos expedientes de declaración de ausencia e falecemento, as de concurso establecidas na lexislación concursal, así como as demais resolucións e medidas previstas nas leis que afecten a libre administración e disposición dos bens dunha persoa. Poderán ser obxecto de asento tamén neste libro as resolucións sobre persoas con discapacidade a que se refire o artigo 755.2 da Lei de axuízamento civil.

2. O asento no libro sobre administración e disposición de bens inmobles expresará as circunstancias contidas na resolución correspondente. No caso das medidas de apoio, o asento unicamente expresará a existencia e o contido das medidas.

3. O Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España levará, ás súas expensas e baixo a dependencia do Ministerio de Xustiza, un índice central informatizado coa información remitida polos diferentes rexistros relativa aos asentos practicados no libro sobre administración e disposición de bens inmobles, que estará relacionado electronicamente cos datos correspondentes, se os houber, do actual ficheiro localizador de titularidades inscritas.»

Artigo cuarto. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, queda modificada como segue:

Un. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 7, que quedan redactados como segue:

«1. Poderán comparecer en xuízo todas as persoas.

2. As persoas menores de idade non emancipadas deberán comparecer mediante a representación, asistencia ou autorización exixida pola lei. No caso das persoas con medidas de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica, observárase o alcance e contido destas.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 7 bis coa seguinte rúbrica e contido:

«Artigo 7 bis. *Axustes para persoas con discapacidade.*

1. Nos procesos en que participen persoas con discapacidade, realizaranse as adaptacións e os axustes que sexan necesarios para garantir a súa participación en condicións de igualdade.

As ditas adaptacións e axustes realizaranse tanto por petición de calquera das partes ou do Ministerio Fiscal, como de oficio polo propio tribunal, e en todas as fases e actuacións procesuais en que resulte necesario, incluíndo os actos de comunicación. As adaptacións poderán vir referidas á comunicación, á comprensión e á interacción coa contorna.

2. As persoas con discapacidade teñen o dereito a entender e seren entendidas en calquera actuación que se deba levar a cabo. Para tal fin:

a) Todas as comunicacións coas persoas con discapacidade, orais ou escritas, se farán nunha linguaxe clara, sinxela e accesible, dun modo que teña en conta as súas características persoais e as súas necesidades, facendo uso de medios como a lectura fácil. Se for necesario, a comunicación tamén se fará á persoa que preste apoio á persoa con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica.

b) Facilitaráselle á persoa con discapacidade a asistencia ou os apoios necesarios para que poida facerse entender, o que incluírá a interpretación nas linguas de signos recoñecidas legalmente e os medios de apoio á comunicación oral de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

c) Permitirase a participación dun profesional experto que, a modo de facilitador, realice tarefas de adaptación e axuste necesarias para que a persoa con discapacidade poida entender e ser entendida.

d) A persoa con discapacidade poderá estar acompañada dunha persoa da súa elección desde o primeiro contacto coas autoridades e funcionarios.»

Tres. Modifícase a redacción do ordinal 5.º do artigo 52.1, segundo se indica a continuación:

«5.º Nos xuízos en que se exerzan accións relativas ás medidas xudiciais de apoio de persoas con discapacidade será competente o tribunal do lugar en que resida a persoa con discapacidade, conforme se establece no número 3 do artigo 756.»

Catro. Dáse nova redacción ao número 3 do artigo 162, segundo se indica a continuación:

«3. Cando a autenticidade de resolucións, documentos, ditames ou informes presentados ou transmitidos polos medios a que se refire o número anterior só poida ser recoñecida ou verificada mediante o seu exame directo ou por outros procedementos, poderán, con todo, ser presentados en soporte electrónico mediante imaxes dixitalizadas destes, na forma prevista nos artigos 267 e 268 desta lei, aínda que, no caso de que algunha das partes –o tribunal nos procesos de familia, provisión de medidas xudiciais de apoio ou filiación, ou o Ministerio Fiscal– así o solicítase, deberán achegarse aqueles no seu soporte papel orixinal, no prazo ou momento procesual que para ese efecto se sinala.»

Cinco. Dáse nova redacción ao segundo parágrafo do número 3 do artigo 222, segundo se indica a continuación:

«Nas sentenzas sobre estado civil, matrimonio, filiación, paternidade, maternidade e medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica, a cousa xulgada terá efectos fronte a todos a partir da súa inscrición ou anotación no Rexistro Civil.»

Seis. Modifícase a rúbrica do título I do libro IV como se indica:

«Dos procesos sobre provisión de medidas xudiciais de apoio ás persoas con discapacidade, filiación, matrimonio e menores»

Sete. Queda modificado o ordinal 1.º do artigo 748 co seguinte teor:

«1.º Os que versen sobre a adopción de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade.»

Oito. Os números 1 e 2 do artigo 749 redáctanse como se indica a continuación:

«Artigo 749. *Intervención do Ministerio Fiscal.*

1. Nos procesos sobre a adopción de medidas xudiciais de apoio ás persoas con discapacidade, nos de nulidade matrimonial, nos de subtracción internacional de menores e nos de determinación e impugnación da filiación, será sempre parte o Ministerio Fiscal, aínda que non fose promotor deles nin deba, conforme a lei, asumir a defensa dalgunha das partes.

O Ministerio Fiscal velará ao longo de todo o procedemento pola salvagarda da vontade, desexos, preferencias e dereitos das persoas con discapacidade que participen nos ditos procesos, así como polo interese superior do menor.

2. Nos demais procesos a que se refire este título será preceptiva a intervención do Ministerio Fiscal, sempre que algún dos interesados no

procedemento sexa menor, persoa con discapacidade ou estea en situación de ausencia legal.»

Nove. O ordinal 1.º do artigo 751.2 redáctase como se indica a continuación:

«1.º Nos procesos que se refiran a filiación, paternidade e maternidade, sempre que non existan menores, persoas con discapacidade con medidas xudiciais de apoio en que se designe un apoio con funcións representativas ou ausentes interesados no procedemento.»

Dez. Os números 1 e 3 do artigo 753 redáctanse co seguinte teor:

«1. Salvo que expresamente se dispoña outra cousa, os procesos a que se refire este título instruiranse polos trámites do xuízo verbal. O letrado da Administración de xustiza dará traslado da demanda ao Ministerio Fiscal, cando cumpra, e ás demais persoas que, conforme a lei, deban ser parte no procedemento, fosen ou non demandados, e serán emprazados para que a contesten no prazo de vinte días, conforme o establecido no artigo 405.»

«3. Os procesos a que se refire este título serán de tramitación preferente sempre que algún dos interesados no procedemento sexa menor, persoa con discapacidade con medidas xudiciais de apoio en que se designe un apoio con funcións representativas, ou estea en situación de ausencia legal.»

Once. O artigo 755 queda redactado co seguinte texto:

«Artigo 755. *Acceso das sentenzas a rexistros públicos.*

O letrado da Administración de xustiza acordará que as sentenzas e demais resolucións ditadas nos procedementos a que se refire este título se comuniquen de oficio aos rexistros civís para a práctica dos asentos que correspondan.

Por petición de parte, comunicaranse tamén ao Rexistro da Propiedade, ao Rexistro Mercantil, ao Rexistro de Bens Mobles ou a calquera outro rexistro público para os efectos que en cada caso correspondan. No caso de medidas de apoio, a comunicación farase unicamente por petición da persoa en favor da cal se constituíu o apoio.»

Doce. Modifícase a rúbrica do libro IV, título I, capítulo II, como segue:

«Dos procesos sobre a adopción de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade.»

Trece. O artigo 756 queda redactado co seguinte texto:

«Artigo 756. *Ámbito de aplicación e competencia.*

1. Nos supostos en que, de acordo coa lexislación civil aplicable, sexa pertinente o nomeamento de curador e no expediente de xurisdición voluntaria dirixido para ese efecto se formulase oposición, ou cando o expediente non se puidese resolver, a adopción de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade rexerase polo establecido neste capítulo.

2. Será competente para coñecer das demandas sobre a adopción de medidas de apoio a persoas con discapacidade a autoridade xudicial que coñeceu do expediente previo de xurisdición voluntaria, salvo que a persoa a que se refira a solicitude cambie con posterioridade de residencia; nese caso, serao o xuíz de primeira instancia do lugar en que esta resida.

3. Se antes da realización da vista se producise un cambio da residencia habitual da persoa a que se refira o proceso, remitiráselle as actuacións ao xulgado correspondente no estado en que se achen.»

Catorce. O artigo 757 redáctase como se indica a continuación:

«Artigo 757. *Lexitimación e intervención procesual.*

1. O proceso para a adopción xudicial de medidas de apoio a unha persoa con discapacidade pode promovelos a propia persoa interesada, o seu cónxuxe non separado de feito ou legalmente ou quen se atope nunha situación de feito asimilable, o seu descendente, ascendente ou irmán.
2. O Ministerio Fiscal deberá promover o devandito proceso se as persoas mencionadas no número anterior non existen ou non presentan a correspondente demanda, salvo que conclúa que existen outras vías a través das cales a persoa interesada poida obter os apoios que precisa.
3. Cando coa demanda se solicite o inicio do procedemento de provisión de apoios, as medidas de apoio correspondentes e un curador determinado, daráselle a este traslado daquela co fin de que poida alegar o que considere conveniente sobre a dita cuestión.
4. As persoas lexitimadas para instar o proceso de adopción de medidas xudiciais de apoio ou que acrediten un interese lexítimo poderán intervir pola súa conta no xa iniciado, cos efectos previstos no artigo 13.»

Quince. Dáse nova redacción ao artigo 758, co seguinte teor:

«Artigo 758. *Certificación rexistral e comparecencia do demandado.*

1. Admitida a demanda, o letrado da Administración de xustiza solicitará certificación do Rexistro Civil e, de ser o caso, doutros rexistros públicos que considere pertinentes sobre as medidas de apoio inscritas.
 2. Unha vez notificada a demanda por medio de remisión ou entrega, ou por edictos cando a persoa interesada non puidese ser notificada persoalmente, se transcorrido o prazo previsto para a contestación á demanda a persoa interesada non comparece perante o xulgado coa súa propia defensa e representación, o letrado da Administración de xustiza designaralle un defensor xudicial, a non ser que xa estivese nomeado ou a súa defensa lle corresponda ao Ministerio Fiscal por non ser o promotor do procedemento. A continuación, daráselle ao defensor xudicial un novo prazo de vinte días para que conteste a demanda se o considera procedente.
- O letrado da Administración de xustiza levará a cabo as actuacións necesarias para que a persoa con discapacidade comprenda o obxecto, a finalidade e os trámites do procedemento, de conformidade co previsto no artigo 7 bis.»

Dezaseis. O artigo 759 redáctase como se indica a continuación:

«Artigo 759. *Probas preceptivas en primeira e segunda instancia.*

1. Nos procesos sobre adopción de medidas de apoio a que se refire este capítulo, ademais das probas que se practiquen de conformidade co disposto no artigo 752, o tribunal practicará as seguintes:
 - 1.º Entrevistarase coa persoa con discapacidade.
 - 2.º Daralle audiencia ao cónxuxe non separado de feito ou legalmente ou a quen se encontre en situación de feito asimilable, así como aos parentes máis próximos da persoa con discapacidade.
 - 3.º Acordará os ditames periciais necesarios ou pertinentes en relación coas pretensións da demanda, e non poderá decidirse sobre as medidas que deben adoptarse sen ditame previo pericial acordado polo tribunal. Para o dito ditame preceptivo contarase en todo caso con profesionais especializados dos ámbitos social e sanitario, e poderá contarse tamén con outros profesionais especializados que aconsellen as medidas de apoio que resulten idóneas en cada caso.
2. Nos casos en que a demanda fose presentada pola propia persoa con discapacidade, o tribunal poderá, logo de solicitude desta e de forma excepcional,

non practicar as audiencias preceptivas, se así resulta máis conveniente para a preservación da súa intimidade.

3. Cando o nomeamento de curador non estivese proposto, sobre esta cuestión oírase a persoa con discapacidade, o cónxuxe non separado de feito ou legalmente ou quen se atope en situación de feito asimilable, os seus parentes máis próximos e as demais persoas que o tribunal considere oportuno, e será tamén de aplicación o disposto no número anterior.

4. Se a sentenza que decida sobre as medidas de apoio for apelada, ordenarase tamén de oficio na segunda instancia a práctica das probas preceptivas a que se refiren os números anteriores deste artigo.»

Dezasete. O artigo 760 modifícase como se indica a continuación:

«Artigo 760. *Sentenza.*

As medidas que adopte a autoridade xudicial na sentenza deberán ser conformes co disposto sobre esta cuestión nas normas de dereito civil que resulten aplicables.»

Dezaioito. O artigo 761 redáctase co seguinte teor:

«Artigo 761. *Revisión das medidas de apoio xudicialmente adoptadas.*

As medidas contidas na sentenza ditada serán revisadas de conformidade co previsto na lexislación civil e deberán seguir os trámites previstos para ese efecto na Lei de xurisdición voluntaria.

No caso de que se producise oposición no expediente de xurisdición voluntaria de revisión a que se refire o parágrafo anterior, ou se o dito expediente non se puidese resolver, deberase instar o correspondente proceso contencioso conforme o previsto no presente capítulo, e poderao promover calquera das persoas mencionadas no número 1 do artigo 757, así como quen exerza o apoio da persoa con discapacidade.»

Dezanove. Dáse nova redacción ao artigo 762 co seguinte texto:

«Artigo 762. *Medidas cautelares.*

1. Cando o tribunal competente teña coñecemento da existencia dunha persoa nunha situación de discapacidade que requira medidas de apoio, adoptará de oficio as que considere necesarias para a adecuada protección daquela ou do seu patrimonio e porá o feito en coñecemento do Ministerio Fiscal para que inicie, se o considera procedente, un expediente de xurisdición voluntaria.

2. O Ministerio Fiscal poderá tamén, nas mesmas circunstancias, solicitar do tribunal a inmediata adopción das medidas a que se refire o número anterior.

Tales medidas poderán adoptarse, de oficio ou por instancia de parte, en calquera estado do procedemento.

3. Sempre que a urxencia da situación non o impida, as medidas a que se refiren os números anteriores acordaranse logo de audiencia das persoas con discapacidade. Para iso será de aplicación o disposto nos artigos 734, 735 e 736 desta lei.»

Vinte. No artigo 765 modifícase a rúbrica e dáse nova redacción ao número 1 co texto que se indica:

«Artigo 765. *Exercicio das accións que correspondan ao fillo menor ou fillo con discapacidade que precise apoio. Sucesión procesual.*»

«1. As accións de determinación ou de impugnación da filiación que, conforme o disposto na lexislación civil, correspondan ao fillo menor de idade poderán ser exercidas polo seu representante legal ou polo Ministerio Fiscal, indistintamente.

Se for persoa con discapacidade con medidas de apoio para o seu exercicio, as ditas accións poderán ser exercidas por ela, por quen preste o apoio e estea expresamente facultado para iso ou, na súa falta, polo Ministerio Fiscal.»

Vinte e un. No artigo 770 modifícase a regra 4.^a e introdúcese unha nova regra 8.^a coa redacción que se indica:

«4.^a As probas que non poidan practicarse no acto da vista practícaranse dentro do prazo que o tribunal sinala, que non poderá exceder os trinta días.

Durante este prazo, o tribunal poderá acordar de oficio as probas que considere necesarias para comprobar a concorrencia das circunstancias en cada caso exixidas polo Código civil para decretar a nulidade, separación ou divorcio, así como as que se refiran a feitos de que dependan os pronunciamentos sobre medidas que afecten os fillos menores ou os maiores con discapacidade que precisen apoio, de acordo coa lexislación civil aplicable.

Se o procedemento for contencioso e se considerar necesario de oficio ou por petición do fiscal, partes ou membros do equipo técnico xudicial ou dos propios fillos, poderán ser oídos cando teñan menos de doce anos, e deberán ser oídos en todo caso se acadasen a dita idade. Tamén deberán ser oídos cando precisen apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica e este sexa prestado polos proxenitores, así como os fillos con discapacidade, cando se discuta o uso da vivenda familiar e a estean usando.

Nas audiencias cos fillos menores ou cos maiores con discapacidade que precisen apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica, a autoridade xudicial garantirá que se realicen en condicións idóneas para a salvagarda dos seus intereses, sen interferencias doutras persoas, e solicitarase, excepcionalmente, o auxilio de especialistas cando sexa necesario.»

«8.^a Nos procesos matrimoniais en que existan fillos comúns maiores de dezaseis anos que se achen en situación de necesitar medidas de apoio por razón da súa discapacidade, seguiranse, de ser o caso, os trámites establecidos nesta lei para os procesos para a adopción xudicial de medidas de apoio a unha persoa con discapacidade.»

Vinte e dous. Dáse nova redacción ao número 2 do artigo 771, segundo se indica a continuación:

«2. Á vista da solicitude, o letrado da Administración de xustiza citará os cónxuxes e, se houber fillos menores ou fillos con discapacidade con medidas de apoio atribuídas aos seus proxenitores, o Ministerio Fiscal a unha comparecencia en que se tentará un acordo das partes, que sinalará o letrado da Administración de xustiza e que se subscribirá nos dez días seguintes. Á dita comparecencia deberá acudir o cónxuxe demandado asistido polo seu avogado e representado polo seu procurador.

Desta resolución dará conta no mesmo día ao tribunal para que poida acordar de inmediato, se a urxencia do caso o aconsella, os efectos a que se refire o artigo 102 do Código civil e o que considere procedente en relación coa custodia dos fillos e o uso da vivenda e enxoval familiares. Contra esta resolución non caberá recurso ningún.»

Vinte e tres. Modifícase a redacción do número 1 do artigo 775 no sentido que se indica:

«1. O Ministerio Fiscal, habendo fillos menores ou fillos con discapacidade con medidas de apoio atribuídas aos seus proxenitores e, en todo caso, os cónxuxes poderán solicitar do tribunal que acordou as medidas definitivas a modificación das medidas convidas polos cónxuxes ou das adoptadas na falta de acordo, sempre que variasen substancialmente as circunstancias tidas en conta ao aprobalas ou acordalas.»

Vinte e catro. Os números 5, 8 e 10 do artigo 777 redáctanse co seguinte texto:

«5. Se hai fillos menores ou fillos maiores con discapacidade e medidas de apoio atribuídas aos seus proxenitores, o tribunal solicitará informe do Ministerio Fiscal sobre os termos do convenio relativos aos fillos e serán oídos cando se considere necesario de oficio ou por petición do fiscal, partes ou membros do equipo técnico xudicial ou do propio fillo. Estas actuacións practícaranse durante o prazo a que se refire o número anterior ou, se este non se abriu, no prazo de cinco días.»

«8. Contra a sentenza que denegue a separación ou o divorcio e contra o auto que acorde algunha medida que se aparte dos termos do convenio proposto polos cónxuxes poderase recorrer en apelación. O recurso contra o auto que decida sobre as medidas non suspenderá a eficacia destas nin afectará a firmeza da sentenza relativa á separación ou ao divorcio.

Contra a sentenza ou o auto que aproben na súa totalidade a proposta de convenio só poderá recorrer, en interese dos fillos menores ou en prol da salvagarda da vontade, preferencias e dereitos dos fillos con discapacidade con medidas de apoio atribuídas aos seus proxenitores, o Ministerio Fiscal.»

«10. Se a competencia é do letrado da Administración de xustiza por non existiren fillos con discapacidade con medidas de apoio atribuídas aos seus proxenitores nin menores non emancipados, inmediatamente despois da ratificación dos cónxuxes ante o letrado da Administración de xustiza, este ditará decreto en que se pronuncie sobre o convenio regulador.

O decreto que formalice a proposta do convenio regulador declarará a separación ou divorcio dos cónxuxes.

Se considera que, ao seu xuízo, algún dos acordos do convenio pode ser danoso ou gravemente prexudicial para un dos cónxuxes ou para os fillos maiores ou menores emancipados afectados, advertirállelo aos outorgantes e dará por terminado o procedemento. Neste caso, os cónxuxes só poderán acudir ante o xuíz para a aprobación da proposta de convenio regulador.

O decreto non será impugnabile.»

Vinte e cinco. Dáse nova redacción ao número 4 do artigo 783 no sentido que se indica:

«4. O letrado da Administración de xustiza convocará tamén o Ministerio Fiscal para que represente os interesados na herdanza que sexan menores e non teñan representación lexítima e os ausentes cuxo paradiro se ignore. A representación do Ministerio Fiscal cesará unha vez que os menores estean habilitados de representante legal e, respecto dos ausentes, cando se presenten no xuízo ou poidan ser citados persoalmente, aínda que volvan ausentarse.»

Vinte e seis. Dáse nova redacción ao artigo 790 no sentido que se indica:

«Artigo 790. *Aseguramento dos bens da herdanza e dos documentos do defunto.*

1. Sempre que o tribunal teña noticia do falecemento dunha persoa e non conste a existencia de testamento, nin de ascendentes, descendentes ou cónxuxe do finado ou persoa que se encontre nunha situación de feito asimilable, nin de colaterais dentro do cuarto grao, adoptará de oficio as medidas máis indispensables para o enterramento do defunto, se for necesario, e para a seguridade dos bens, libros, papeis, correspondencia e efectos do defunto susceptibles de subtracción ou ocultación.

Da mesma forma procederá cando as persoas de que fala o parágrafo anterior estiveren ausentes ou cando algunha delas sexa menor e non teña representante legal.

2. Nos casos a que se refire este artigo, logo de que comparezan os parentes, ou se nomee representante legal para os menores, faráselles entrega dos bens e efectos pertencentes ao defunto, cesará a intervención xudicial, salvo o disposto no artigo seguinte, e deberase acudir a un notario co fin de que proceda á incoación do expediente de declaración de herdeiros.»

Vinte e sete. O ordinal 5.º do artigo 793.3 redáctase como se indica a continuación:

«5.º O Ministerio Fiscal, sempre que poida haber parentes descoñecidos con dereito á sucesión lexítima, ou que algún dos parentes coñecidos con dereito á herdanza ou dos herdeiros ou legatarios de parte alícuota non poida ser citado persoalmente por non ser coñecida a súa residencia, ou cando calquera dos interesados sexa menor e non teña representante legal.»

Vinte e oito. O ordinal 4.º do artigo 795 redáctase co seguinte teor:

«4.º Os herdeiros e legatarios de parte alícuota poderán dispensar o administrador do deber de prestar caución. De non haber acerca disto conformidade, a caución será proporcionada ao interese nos bens dos cales non outorguen a súa exención. Constituirase caución, en todo caso, respecto da participación na herdanza dos menores que non teñan representante legal e dos ausentes aos cales non se puido citar por ignorarse o seu paradiro.»

Vinte e nove. Dáse nova redacción ao número 2 do artigo 796 no sentido que se indica a continuación:

«2. Durante a tramitación do procedemento de división xudicial da herdanza os herdeiros poderán pedir, de común acordo, que cese a intervención xudicial. O letrado da Administración de xustiza así o acordará mediante decreto, salvo cando algún dos interesados sexa menor e non teña representante legal ou cando haxa algún herdeiro ausente a quen non se puidese citar por ignorarse o seu paradiro.»

Artigo quinto. Modificación da Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade.

A Lei 41/2003, do 18 de novembro, de protección patrimonial das persoas con discapacidade e de modificación do Código civil, da Lei de axuízamento civil e da normativa tributaria con esta finalidade, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 1, que queda redactado como segue:

«2. O patrimonio protexido das persoas con discapacidade rexerase polo establecido nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, cuxa aplicación terá carácter preferente sobre o disposto no título XI do libro I do Código civil.»

Dous. Modifícase o artigo 2, que queda redactado como segue:

«1. O patrimonio protexido das persoas con discapacidade terá como beneficiaria, exclusivamente, a persoa en cuxo interese se constitúa, que será o seu titular.

2. Para os efectos desta lei, unicamente terán a consideración de persoas con discapacidade:

a) Aquelas que presenten unha discapacidade psíquica igual ou superior ao 33 por cento.

b) Aquelas que presenten unha discapacidade física ou sensorial igual ou superior ao 65 por cento.

3. O grao de discapacidade acreditarase mediante certificado expedido conforme o establecido regulamentariamente ou por resolución xudicial firme.»

Tres. Modifícase o artigo 3, que queda redactado como segue:

«1. Poderán constituír un patrimonio protexido:

- a) A propia persoa con discapacidade beneficiaria.
- b) Quen preste apoio ás persoas con discapacidade.
- c) A persoa comisaria ou titular da fiducia sucesoria, cando estea prevista na lexislación civil, autorizada respecto diso polo constituínte dela.

2. Calquera persoa con interese lexítimo poderá solicitar da persoa con discapacidade, co apoio que requira, a constitución dun patrimonio protexido, ofrecendo ao mesmo tempo unha achega de bens e dereitos adecuados, suficiente para ese fin.

En caso de negativa inxustificada da persoa encargada de prestar aquel apoio, o solicitante poderá acudir ao Ministerio Fiscal, quen instará da autoridade xudicial o que proceda atendendo á vontade, desexos e preferencias da persoa con discapacidade. Se a autoridade xudicial autoriza a constitución do patrimonio protexido, a resolución xudicial determinará o contido a que se refire o número seguinte. O cargo de administrador non poderá recaer, salvo xusta causa, na persoa encargada de prestar o apoio que se negase inxustificadamente á constitución do patrimonio protexido.

3. O patrimonio protexido constituírase en documento público ou mediante resolución xudicial no suposto recollido no número anterior.

O citado documento público ou resolución xudicial terá, como mínimo, o seguinte contido:

- a) O inventario dos bens e dereitos que inicialmente constitúan o patrimonio protexido.
- b) A determinación das regras de administración e, de ser o caso, de fiscalización, incluídos os procedementos de designación das persoas que deban integrar os órganos de administración ou, de ser o caso, de fiscalización. A dita determinación realizarase conforme o establecido no artigo 5 desta lei.
- c) Calquera outra disposición que se considere oportuna respecto á administración ou conservación do patrimonio protexido.

Así mesmo, o documento público ou resolución xudicial poderá establecer as medidas ou órganos de control que considere oportunos para garantir o respecto dos dereitos, desexos, vontade e preferencias do beneficiario, así como as salvagardas necesarias para evitar abusos, conflito de intereses e influencia indebida.

Os notarios comunicaranlle inmediatamente a constitución e o contido dun patrimonio protexido por eles autorizado ao fiscal da circunscrición correspondente ao domicilio da persoa con discapacidade, mediante sinatura electrónica avanzada. Igual remisión efectuarán das escrituras relativas ás achegas de toda clase que se realicen con posterioridade á súa constitución.

O fiscal que reciba a comunicación da constitución dun patrimonio protexido e non se considere competente para a súa fiscalización remitiralla ao fiscal que designe o fiscal xeral do Estado, de acordo co seu estatuto orgánico.»

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 4, que queda redactado como segue:

«2. Calquera persoa con interese lexítimo, co consentimento da persoa con discapacidade co apoio que requira, poderá achegar bens ou dereitos ao patrimonio protexido. Estas achegas de bens ou dereitos deberanse realizar sempre a título gratuíto, mesmo a través dun pacto sucesorio naquelas lexislacións civís vixentes

que a permitan, e non estarán suxeitas a termo. As achegas poderaas efectuar a persoa comisaria ou titular dunha fiducia sucesoria en nome do comitente xa falecido, nos supostos regulados nas lexislacións civís vixentes que o permitan.»

Cinco. Modifícase o artigo 5, que queda redactado como segue:

«1. Cando o constituínte do patrimonio protexido sexa o propio beneficiario deste, a súa administración, calquera que sexa a procedencia dos bens e dereitos que o integren, suxeitarase ás regras establecidas no documento público de constitución.

2. Nos demais casos, as regras de administración quedarán suxeitas ao disposto no documento público de constitución ou achega, e poderá establecer os apoios ou salvagardas que se consideren convenientes xa sexa o propio constituínte ou achegante ou a autoridade xudicial, de oficio ou por solicitude do Ministerio Fiscal ou daquelas persoas lexitimadas para promoveren a adopción de medidas de apoio respecto do titular do patrimonio protexido.

En ningún caso será necesaria a poxa pública para o alleamento dos bens ou dereitos que integran o patrimonio protexido.

En todo caso, e en consonancia coa finalidade propia dos patrimonios protexidos de satisfacción das necesidades vitais dos seus titulares, cos mesmos bens e dereitos nel integrados, así como cos seus froitos, produtos e rendementos, non se considerarán actos de disposición o gasto de diñeiro e o consumo de bens funxibles integrados no patrimonio protexido, cando se fagan para atender as necesidades vitais da persoa beneficiaria.

3. Non obstante o disposto no número anterior, os constituíntes ou o administrador poderán instar o Ministerio Fiscal que solicite da autoridade xudicial competente a excepción da autorización xudicial en determinados supostos, en atención á composición do patrimonio, ás circunstancias persoais do seu beneficiario, ás necesidades derivadas da súa discapacidade, á solvencia do administrador ou a calquera outra circunstancia de análoga natureza.

4. Todos os bens e dereitos que integren o patrimonio protexido, así como os seus froitos, rendementos ou produtos, deberán destinarse á satisfacción das necesidades vitais do seu beneficiario ou ao mantemento da produtividade do patrimonio protexido.

5. En ningún caso poderán ser administradores as persoas ou entidades que non poidan ser curadores, conforme o establecido no Código civil ou nas normas de dereito civil, foral ou especial que, de ser o caso, sexan aplicables.

6. Cando non se poida designar administrador conforme as regras establecidas no documento público ou resolución xudicial de constitución, a autoridade xudicial competente proverá o que corresponda, por solicitude do Ministerio Fiscal, tendo en conta os desexos, vontade e preferencias do beneficiario.»

Seis. Modifícase o artigo 7, que queda redactado como segue:

«1. A supervisión da administración do patrimonio protexido correspóndelle ao Ministerio Fiscal, quen instará do xuíz o que proceda respectando a vontade, desexos e preferencias da persoa con discapacidade, incluso a substitución do administrador, o cambio das regras de administración, o establecemento de medidas especiais de fiscalización, a adopción de cautelas, a extinción do patrimonio protexido ou calquera outra medida de análoga natureza.

O Ministerio Fiscal actuará de oficio ou por solicitude de calquera persoa e será oído en todas as actuacións xudiciais relativas ao patrimonio protexido.

2. Cando non sexa a propia persoa con discapacidade beneficiaria do patrimonio, o administrador do patrimonio protexido deberá render contas da súa xestión ao Ministerio Fiscal cando o determine este e, en todo caso, anualmente, mediante a remisión dunha relación da súa xestión e dun inventario dos bens e dereitos que o formen, todo iso xustificado documentalmente.

O Ministerio Fiscal poderá requirir documentación adicional e solicitar cantas aclaracións considere pertinentes.

3. Como órgano externo de apoio, auxilio e asesoramento do Ministerio Fiscal no exercicio das funcións previstas neste artigo, créase a Comisión de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade, adscrita ao ministerio competente en materia de servizos sociais e na cal participarán, en todo caso, o Ministerio Fiscal e representantes da asociación de utilidade pública máis representativa no ámbito estatal dos diferentes tipos de discapacidade.

A composición, o funcionamento e as funcións desta comisión serán determinadas regulamentariamente.»

Artigo sexto. *Modificación da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do rexistro civil.*

A Lei 20/2011, do 21 de xullo, do rexistro civil, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a redacción dos ordinais 10.º ao 14.º do artigo 4 co teor que se indica, e pasa a identificarse co ordinal 15.º o actual suposto 14.º e co ordinal 16.º o actual suposto 15.º:

«10.º Os poderes e mandatos preventivos, a proposta de nomeamento de curador e as medidas de apoio previstas por unha persoa respecto de si mesma ou dos seus bens.

11.º As resolucións xudiciais ditadas en procedementos de provisión de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade.

12.º Os actos relativos á constitución e réxime do patrimonio protexido das persoas con discapacidade.

13.º A tutela do menor e a defensa xudicial do menor emancipado.

14.º As declaracións de concurso das persoas físicas e a intervención ou suspensión das súas facultades.»

Dous. A letra i) do artigo 11 redáctase como se indica a continuación:

«i) O dereito para promover a inscrición de determinados feitos e actos dirixidos á protección dos menores, as persoas maiores e outras persoas respecto das cales a inscrición rexistral supón unha particular garantía dos seus dereitos.»

Tres. Modifícase a redacción do primeiro parágrafo do artigo 44.7 co seguinte texto:

«7. O recoñecemento da filiación non matrimonial con posterioridade á inscrición de nacemento poderase facer en calquera tempo conforme as formas establecidas na lexislación civil aplicable. De se realizar mediante declaración do pai ante o encargado do Rexistro Civil, requirirase o consentimento expreso da nai e do representante legal, se for menor de idade, ou da persoa a quen se recoñece, se for maior. De se tratar de persoas con discapacidade respecto das cales se establecesen medidas de apoio, observarse o que resulte da resolución xudicial que as establece ou do documento notarial en que se preisen ou acordasen. Para que sexa posible a inscrición deberán concorrer, ademais, os requisitos para a validez ou eficacia do recoñecemento exixidos pola lexislación civil.»

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 71, que queda redactado como segue:

«2. Tamén se inscribirá a extinción, privación, suspensión e recuperación da patria potestade.»

Cinco. Modifícanse o título e o número 1 do artigo 72:

«Artigo 72. *Resolución xudicial de provisión de apoios e declaración do concurso de persoa física.*

1. A resolución xudicial ditada nun procedemento de provisión de apoios, así como a que a deixe sen efecto ou a modifique, inscribíranse no rexistro individual da

persoa con discapacidade. A inscrición expresará a extensión e os límites das medidas xudiciais de apoio.

Así mesmo, inscribírase calquera outra resolución xudicial sobre as medidas de apoio a persoas con discapacidade.»

Seis. O artigo 73 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 73. *Opoñibilidade das resolucións.*

As resolucións a que se refire o artigo anterior só serán opoñibles fronte a terceiros cando se practicasen as oportunas inscricións.»

Sete. Modifícase o texto do artigo 75 co teor que se indica a continuación:

«Inscribírase no rexistro individual do menor en situación de desamparo a suxeición á tutela pola entidade pública á cal, no respectivo territorio, estea encomendada a protección dos menores pola lexislación que resulte aplicable.»

Oito. O artigo 77 queda modificado como segue:

«Artigo 77. *Inscrición de medidas de apoio voluntarias.*

É inscristible no rexistro individual do interesado o documento público que conteña as medidas de apoio previstas por unha persoa respecto de si mesma ou dos seus bens.»

Nove. Introdúcese unha nova letra b) no número 1 do artigo 83 coa seguinte redacción, e pasan as actuais letras b) a e) a ser c) a f):

«b) A discapacidade e as medidas de apoio.»

Dez. O primeiro parágrafo do artigo 84 queda modificado como segue:

«Só o inscrito ou os seus representantes legais, quen exerza o apoio e que estea expresamente autorizado, o apoderado preventivo xeral ou o curador no caso dunha persoa con discapacidade poderán acceder ou autorizar a terceiras persoas a publicidade dos asentos que conteñan datos especialmente protexidos nos termos que regulamentariamente se establezan. As administracións públicas e os funcionarios públicos poderán acceder aos datos especialmente protexidos do punto 1.b) do artigo 83 cando no exercicio das súas funcións deban verificar a existencia ou o contido de medidas de apoio.»

Artigo sétimo. *Modificación da Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria.*

A Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un novo artigo 7 bis co contido seguinte:

«Artigo 7 bis. *Axustes para persoas con discapacidade.*

1. Nos procesos a que se refire esta lei en que participen persoas con discapacidade realízanse as adaptacións e os axustes que sexan necesarios para garantir a súa participación en condicións de igualdade.

As ditas adaptacións e axustes serán realizados tanto por petición de calquera das partes ou do Ministerio Fiscal, como de oficio polo propio tribunal, e en todas as fases e actuacións procesuais en que resulte necesario, incluíndo os actos de comunicación. As adaptacións poderán vir referidas á comunicación, á comprensión e á interacción coa contorna.

2. As persoas con discapacidade teñen o dereito a entender e seren entendidas en calquera actuación que deban levar a cabo. Para tal fin:

a) Todas as comunicacións coas persoas con discapacidade, orais ou escritas, se farán nunha linguaxe clara, sinxela e accesible, dun modo que teña en conta as súas características persoais e as súas necesidades, facendo uso de medios como a lectura fácil. Se for necesario, a comunicación tamén se fará á persoa que preste apoio á persoa con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica.

b) Facilitaráselle á persoa con discapacidade a asistencia ou os apoios necesarios para que poida facerse entender, o que incluírá a interpretación nas linguas de signos recoñecidas legalmente e os medios de apoio á comunicación oral de persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.

c) Permitirase a participación dun profesional experto que, a modo de facilitador, realice tarefas de adaptación e axuste necesarias para que a persoa con discapacidade poida entender e ser entendida.

d) A persoa con discapacidade poderá estar acompañada dunha persoa da súa elección desde o primeiro contacto coas autoridades e funcionarios.»

Dous. Dáse nova redacción ao artigo 27, que queda do seguinte teor:

«1. Aplicaranse as disposicións deste capítulo nos casos en que proceda, conforme a lei, o nomeamento dun defensor xudicial de menores ou persoas con discapacidade.

2. Tamén se aplicarán as disposicións deste capítulo nos casos en que proceda a habilitación e ulterior nomeamento de defensor xudicial. Instarase a habilitación cando o menor non emancipado ou a persoa con discapacidade, se é demandado ou se lle produce gran prexuízo non promover a demanda, se encontre nalgún dos casos seguintes:

a) Acharse os proxenitores, o tutor ou a persoa designada para exercer o apoio ausentes e que se ignore o seu paradiro, sen que haxa motivo racional bastante para crer próximo o seu regreso.

b) Negarse ambos os proxenitores, o tutor ou a persoa designada para exercer o apoio a representar ou asistir en xuízo o menor ou persoa con discapacidade.

c) Acharse os proxenitores, tutor ou persoa designada para exercer o apoio nunha situación de imposibilidade de feito para a representación ou asistencia en xuízo.

3. Non obstante o disposto no número anterior, nomearáselle defensor xudicial ao menor ou persoa con discapacidade, sen necesidade de habilitación previa, para litigar contra os seus proxenitores, tutor ou curador, ou para instar expedientes de xurisdición voluntaria, ou cando se achar lexitimado para iso cando inste o Ministerio Fiscal un procedemento para a adopción de medidas de apoio respecto da persoa con discapacidade. Non procederá a solicitude se o outro proxenitor ou tutor, se o houber, non tivese un interese oposto ao menor ou persoa con discapacidade.»

Tres. Incorporase un novo capítulo III bis ao título II coa seguinte rúbrica e contido:

«CAPÍTULO III bis

Do expediente de provisión de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade

Artigo 42 bis a). *Ámbito de aplicación, competencia, lexitimación e postulación.*

1. Cando sexa pertinente a provisión dalgunha medida xudicial de apoio de carácter estable a unha persoa con discapacidade, seguiranse os trámites previstos no presente capítulo.

2. Será competente para coñecer deste expediente o xulgado de primeira instancia do lugar onde resida a persoa con discapacidade.

Se antes da realización da comparecencia se produce un cambio da residencia habitual da persoa a que se refira o expediente, remitiráselle as actuacións ao xulgado correspondente no estado en que se achen.

3. Poderán promover este expediente o Ministerio Fiscal, a propia persoa con discapacidade, o seu cónxuxe non separado de feito ou legalmente ou quen se atope nunha situación de feito asimilable e os seus descendentes, ascendentes ou irmáns.

Calquera persoa está facultada para pór en coñecemento do Ministerio Fiscal os feitos que poidan ser determinantes dunha situación que requira a adopción xudicial de medidas de apoio. As autoridades e funcionarios públicos que, por razón dos seus cargos, coñecesen a existencia dos ditos feitos respecto de calquera persoa deberán poñelo en coñecemento do Ministerio Fiscal. En ambos os casos, este iniciará o presente expediente.

4. A persoa con discapacidade poderá actuar coa súa propia defensa e representación. Se non for previsible que realice por si mesma tal designación, coa solicitude pedirase que se lle nomee un defensor xudicial, quen actuará por medio de avogado e procurador.

5. O letrado da Administración de xustiza realizará as adaptacións e os axustes necesarios para que a persoa con discapacidade comprenda o obxecto, a finalidade e os trámites do expediente que a afecta, conforme o previsto no artigo 7 bis desta lei.

Artigo 42 bis b). *Procedemento.*

1. Coa solicitude xuntaranse os documentos que acrediten a necesidade da adopción de medidas de apoio, así como un ditame pericial dos profesionais especializados dos ámbitos social e sanitario que aconsellen as medidas de apoio que resulten idóneas en cada caso. Así mesmo, proporanse aquelas probas que se considere necesario practicar na comparecencia.

2. Unha vez admitida a trámite a solicitude polo letrado da Administración de xustiza, este convocará para a comparecencia o Ministerio Fiscal, a persoa con discapacidade e, de ser o caso, o seu cónxuxe non separado de feito ou legalmente ou quen se atope nunha situación de feito asimilable e os seus descendentes, ascendentes ou irmáns. Os interesados poderán propor, no prazo de cinco días desde a recepción da citación, aquelas dilixencias de proba que consideren necesario practicar na comparecencia. Tamén se solicitará certificación do Rexistro Civil e, de ser o caso, doutros rexistros públicos que se consideren pertinentes, sobre as medidas de apoio inscritas.

A autoridade xudicial, antes da comparecencia, poderá solicitar informe da entidade pública que, no respectivo territorio, teña encomendada a función de promoción da autonomía e asistencia ás persoas con discapacidade, ou dunha entidade do terceiro sector de acción social debidamente habilitada como colaboradora da Administración de xustiza. A entidade informará sobre as eventuais alternativas de apoio e sobre as posibilidades de prestalo sen requirir a adopción de ningunha medida por parte da autoridade xudicial.

Así mesmo, a autoridade xudicial poderá ordenar antes da comparecencia un ditame pericial, cando así o considere necesario atendendo ás circunstancias do caso.

3. Na comparecencia realizarase unha entrevista entre a autoridade xudicial e a persoa con discapacidade, a quen, á vista da súa situación, poderá informar acerca das alternativas existentes para obter o apoio que precisa, ben sexa mediante a súa contorna social ou comunitaria, ou ben a través do outorgamento de medidas de apoio de natureza voluntaria.

Así mesmo, practicaránse aquelas probas que fosen propostas e resulten admitidas e, en todo caso, serán oídas as persoas que comparecesen e manifesten a súa vontade de seren oídas.

4. Se, tras a información ofrecida pola autoridade xudicial, a persoa con discapacidade opta por unha medida alternativa de apoio, porase fin ao expediente.

5. A oposición da persoa con discapacidade a calquera tipo de apoio, a oposición do Ministerio Fiscal ou a oposición de calquera dos interesados na adopción das medidas de apoio solicitadas porá fin ao expediente, sen prexuízo de que a autoridade xudicial poida adoptar provisionalmente as medidas de apoio daquela ou do seu patrimonio que considere convenientes. As ditas medidas poderanse manter durante un prazo máximo de trinta días, sempre que con anterioridade non se presentase a correspondente demanda de adopción de medidas de apoio en xuízo contencioso.

Non se considerará oposición para os efectos sinalados no parágrafo anterior a relativa unicamente á designación como curador dunha persoa concreta.

Artigo 42 bis c). *Auto e posterior revisión das medidas xudicialmente acordadas.*

1. As medidas que se adopten no auto que poña fin ao expediente deberán ser conformes co disposto na lexislación civil aplicable sobre esta cuestión. Tales medidas serán obxecto de revisión periódica no prazo e na forma en que dispoña o auto que as acordase, e deberá seguirse o trámite recollido neste artigo.

Calquera das persoas mencionadas no número 3 do artigo 42 bis a), así como quen exerza o apoio, poderá solicitar a revisión das medidas antes de que transcorra o prazo previsto no auto.

2. O xulgado que ditou as medidas será tamén competente para coñecer da citada revisión, sempre que a persoa con discapacidade permaneza residindo na mesma circunscrición. En caso contrario, o xulgado da nova residencia deberá pedir un testemuño completo do expediente ao xulgado que anteriormente coñeceu del, que llo remitirá nos dez días seguintes á solicitude.

3. Na revisión das medidas, a autoridade xudicial solicitará un ditame pericial cando así o considere necesario atendendo ás circunstancias do caso, entrevistarse coa persoa con discapacidade e ordenará aquelas outras actuacións que considere necesarias. Para estes efectos, a autoridade xudicial poderá solicitar informe das entidades a que se refire o número 2 do artigo 42 bis b). Do resultado das ditas actuacións daráselles traslado á persoa con discapacidade, a quen exerza as funcións de apoio, ao Ministerio Fiscal e aos interesados que fosen constituídos como parte no expediente previo, co fin de que poidan alegar o que consideren pertinente no prazo de dez días, así como achegar a proba que consideren oportuna. Se algún dos mencionados formular oposición, porase fin ao expediente e poderase instar a revisión das medidas conforme o previsto na Lei de axuízamento civil.

4. Unha vez recibidas as alegacións e practicada a proba, a autoridade xudicial ditará un novo auto co contido que proceda atendendo ás circunstancias concorrentes.»

Catro. Modifícase o texto do artigo 43 nos seguintes termos:

«1. Será competente para o coñecemento deste expediente o xulgado de primeira instancia do domicilio ou, na súa falta, da residencia do menor ou persoa con discapacidade.

2. O órgano xudicial que coñecese dun expediente sobre tutela, curatela ou garda de feito será competente para coñecer de todas as incidencias, trámites e adopción de medidas ou revisións posteriores, sempre que o menor ou persoa con discapacidade resida na mesma circunscrición. En caso contrario, para coñecer dalgunha desas incidencias, será preciso que se pida testemuño completo do expediente ao xulgado que anteriormente coñeceu del, o cal o remitirá nos dez días seguintes á solicitude.

3. Nestes expedientes non será preceptiva a intervención de avogado e procurador, salvo nos relativos á remoción do titor ou curador e á extinción de poderes preventivos, en que será necesaria a intervención de avogado.»

Cinco. Modifícase a redacción do artigo 44 co texto que se indica:

«Artigo 44. *Ámbito de aplicación.*

1. Aplicarase o disposto nesta sección para tramitar os expedientes relativos á tutela e á curatela.

2. O expediente a que se refire o artigo seguinte soamente será aplicable á curatela cando, tras a tramitación dun proceso sobre a adopción de medidas xudiciais de apoio a unha persoa con discapacidade, sexa procedente o nomeamento dun novo curador, en substitución doutro removido ou falecido.»

Seis. No artigo 45 modifícanse o número 1, o segundo parágrafo do número 2, o segundo parágrafo do número 4, o número 5 e o segundo parágrafo do número 6, co texto que se indica a continuación:

«1. O expediente iniciárase mediante solicitude presentada polo Ministerio Fiscal ou por calquera das persoas legalmente indicadas para promover a tutela ou a curatela. Nela deberase expresar o feito que dea lugar a unha ou a outra, xuntaranse os documentos acreditativos da lexitimación para promover o expediente e indicaranse os parentes máis próximos da persoa respecto a quen deba constituírse a tutela ou a curatela e os seus domicilios. Igualmente, deberá achegarse certificado de nacemento desta e, de ser o caso, o certificado de últimas vontades dos proxenitores, o testamento ou documento público notarial outorgado por estes en que se dispoña sobre a tutela ou curatela dos seus fillos menores ou o documento público notarial outorgado pola propia persoa con discapacidade en que se dispuxo en previsión sobre a súa propia curatela ou outras medidas de apoio voluntarias.»

«2. (...)

Tanto o xuíz como o Ministerio Fiscal actuarán de oficio en interese do menor e respectando a vontade, desexos e preferencias da persoa con discapacidade no que conste, e adoptarán e proporán as medidas, dilixencias, informes periciais e probas que consideren oportunos.»

«4. (...)

Cando corresponda de acordo coa lexislación civil aplicable, na resolución pola cal se constituía a tutela ou curatela ou outra posterior, o xuíz poderá acordar as medidas de vixilancia e control oportunas, así como exixirlle ao titor ou curador informe sobre a situación persoal do menor ou persoa con discapacidade e o estado da administración dos seus bens. De se adoptaren en resolución posterior, oírase previamente o titor ou curador, o menor se tiver suficiente madurez e, en todo caso, se for maior de doce anos, a persoa respecto da cal se deba constituír a curatela e o Ministerio Fiscal.»

«5. O xuíz, na resolución pola cal constituía a tutela ou a curatela ou noutra posterior, poderalle exixir ao titor ou curador, de modo excepcional, a constitución de fianza que asegure o cumprimento das súas obrigas, e deberá determinar, en tal caso, a súa modalidade e contía.

Tamén poderá con posterioridade, de oficio ou por instancia de parte interesada, deixar sen efecto ou modificar en todo ou en parte a fianza que se prestou, tras oír o titor ou curador, a persoa con discapacidade que precise medidas de apoio, o menor se tiver suficiente madurez e, en todo caso, se tiver máis de doce anos, e o Ministerio Fiscal.»

«6. (...)

Durante a tramitación do recurso, e mesmo se se insta un proceso ordinario posterior sobre o mesmo obxecto, quedará a cargo do titor ou curador electo, de ser o caso, o coidado do menor ou persoa con discapacidade e a administración dos seus bens, segundo proceda, baixo as garantías que lle parezan suficientes ao xuíz.»

Sete. No artigo 46 modifícanse o número 2, o número 3 e o número 4, co texto que se indica:

«2. Tras prestar a fianza, se se exixiu, o xuíz declararaa suficiente e acordará na mesma resolución as inscricións, depósitos, medidas ou dilixencias que considere convenientes para a eficacia da fianza e conservación dos bens do menor ou persoa con discapacidade.»

3. Unha vez practicadas todas as dilixencias acordadas, o nomeado aceptará en acta outorgada ante o letrado da Administración de xustiza a obriga de cumprir os deberes do seu cargo conforme as leis e este acordará dar posesión do cargo, conferirlle as facultades establecidas na resolución xudicial que acordou o seu nomeamento e entregarlle certificación desta.

4. Cando o nomeado o for para o cargo de titor ou administrador dos bens, requirirao para que presente o inventario dos bens da persoa afectada no prazo dos sesenta días seguintes. Ata que se aprobe o inventario de bens, de ser o caso, a persoa nomeada quedará a cargo do coidado do menor ou persoa con discapacidade e da administración dos seus bens, segundo proceda, baixo as garantías que lle parezan suficientes ao xuíz.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 48 coa seguinte redacción:

«1. Unha vez que sexa firme a resolución pola cal se constitúa a tutela ou que se ditase sentenza no procedemento de provisión de apoios, se o titor ou curador solicitar a retribución a que teñen dereito, o xuíz acordaraa, e fixará o seu importe e o modo de percibila tomando en consideración a complexidade e a extensión das funcións encomendadas e o valor e a rendibilidade dos bens do interesado. A decisión adoptarase despois de oír o solicitante, a persoa con discapacidade, o menor se tiver suficiente madurez e, en todo caso, se for maior de doce anos, o Ministerio Fiscal e cantas persoas considere oportuno. Tanto o xuíz como os interesados ou o Ministerio Fiscal poderán propor as dilixencias, informes periciais e probas que consideren oportunos.

O auto a que se refire este artigo executarase sen prexuízo do recurso de apelación, que non producirá efectos suspensivos.»

Nove. Modifícase o parágrafo primeiro do número 1 do artigo 49:

«1. Nos casos previstos pola lexislación civil aplicable, de oficio, por solicitude do Ministerio Fiscal, do tutelado, do suxeito a curatela ou doutra persoa interesada, poderase acordar a remoción do titor ou do curador, logo de realización de comparecencia. Nesta oíranse o titor ou o curador, as persoas que poidan substituílo no cargo, a persoa con discapacidade, o menor se tiver suficiente madurez e, en todo caso, se for maior de doce anos, e o Ministerio Fiscal.»

Dez. Os números 1, 2 e 3 do artigo 51 modifícanse co texto que se indica:

«1. De acordo coa lexislación civil aplicable ou coa resolución xudicial correspondente, o titor ou curador presentará, de ser o caso, informes sobre a situación persoal do menor ou persoa con discapacidade, ou de rendicións de contas.

2. Unha vez presentados os informes, o letrado da Administración de xustiza trasladarállelos á persoa con discapacidade, ao menor se tiver suficiente madurez

e, en todo caso, se for maior de doce anos, a aqueles que aparecesen como interesados no expediente e ao Ministerio Fiscal. Se algún dos anteriormente mencionados o solicita no prazo de dez días, serán citados todos eles a unha comparecencia, e poderanse propor de oficio ou por instancia de parte as dilixencias e probas que se consideren oportunas.

Tamén poderá ordenar o xuíz de oficio, á conta do patrimonio do tutelado ou asistido, unha proba pericial contable ou de auditoría, mesmo cando ninguén solicitase a comparecencia, se no informe se describen operacións complexas ou que requiran unha xustificación técnica.

3. Realizada ou non a comparecencia, o xuíz resolverá mediante auto sobre os informes e a rendición de contas.»

Once. Engádesse un artigo 51 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 51 bis. *Extinción dos poderes preventivos.*

1. Calquera persoa lexitimada para instar o procedemento de provisión de apoios e o curador, se o houber, poderán instar a extinción dos poderes preventivos outorgados pola persoa con discapacidade, se no apoderado concorre algunha das causas previstas para a remoción do curador.

2. Unha vez admitida a solicitude, serán citados para comparecer o solicitante, o apoderado, a persoa con discapacidade que precise apoio e o Ministerio Fiscal. Se se suscitar oposición, o expediente farase contencioso e o letrado da Administración de xustiza citará os interesados a unha vista, e continuará a tramitación conforme o previsto no xuízo verbal.»

Doce. No artigo 52 modifícanse os números 1 e 2 e engádesse un novo número 3, segundo se indica a continuación:

«1. Por instancia do Ministerio Fiscal, da persoa que precise medidas de apoio ou de calquera que teña un interese lexítimo, a autoridade xudicial que teña coñecemento da existencia dun gardador de feito poderá requirilo para que informe da situación da persoa e bens do menor ou da persoa con discapacidade e da súa actuación en relación con eles.

2. O xuíz poderá establecer as medidas de control e de vixilancia que considere oportunas, sen prexuízo de promover expediente para a constitución da tutela no caso dos menores, se proceder. Tales medidas adoptaranse, logo de comparecencia, citando a persoa a quen afecte a garda de feito, o gardador e o Ministerio Fiscal.

3. Nos casos en que, de acordo coa lexislación civil aplicable, o gardador de feito dunha persoa con discapacidade deba solicitar autorización xudicial, antes de tomar unha decisión, a autoridade xudicial entrevistará por si mesma a persoa con discapacidade e poderá solicitar un informe pericial para acreditar a súa situación. Tamén poderá citar á comparecencia cantas persoas considere necesario oír en función do acto cuxa autorización se solicite.»

Trece. Modifícase o artigo 61 co texto que se indica a continuación:

«Artigo 61. *Ámbito de aplicación.*

Aplicaranse as disposicións deste capítulo en todos os casos en que o representante legal do menor ou a persoa que preste apoio á persoa con discapacidade ou o administrador dun patrimonio protexido necesite autorización ou aprobación xudicial para a validez de actos de disposición, gravame ou outros que se refiran aos seus bens ou dereitos ou ao patrimonio protexido, salvo que estea establecida unha tramitación específica.»

Catorce. Modifícase o artigo 62 co seguinte texto:

«Artigo 62. *Competencia, lexitimación e postulación.*

1. Será competente para o coñecemento deste expediente o xulgado de primeira instancia da residencia do menor ou persoa con discapacidade. Se antes de realizar a comparecencia se produce un cambio da residencia habitual da persoa a que se refire o expediente, remitiráselle as actuacións ao xulgado correspondente no estado en que se achen.

2. Poderán promover este expediente quen exerza a representación legal do menor ou exerza o apoio á persoa con discapacidade para os fins de realizar o acto xurídico de que se trate, así como a propia persoa con discapacidade de conformidade coas medidas de apoio establecidas.

Cando se trate da administración de bens ou dereitos determinados, con facultades concretas sobre eles, conferida polo seu transmitente a título gratuíto a favor de quen non exerza a representación legal, ou cando sexan exercidas separadamente a tutela ou a curatela da persoa e a dos bens, deberá solicitar a autorización, se for precisa, o administrador designado polo transmitente ou o titor dos bens.

Se o acto for respecto aos bens do patrimonio protexido, o lexitimado será o seu administrador.

3. Non será preceptiva a intervención de avogado nin procurador sempre que o valor do acto para o cal se inste o expediente non supere os 6.000 euros. Cando o supere, a solicitude inicial poderase realizar sen necesidade de ambos os profesionais, sen prexuízo de que o xuíz poida ordenar a actuación de todos os interesados por medio de avogado cando a complexidade da operación así o requira ou comparezan suxeitos con intereses enfrontados.»

Quince. Modifícase o artigo 64, co seguinte texto:

«Artigo 64. *Tramitación.*

1. Tras ser admitida a trámite a solicitude polo letrado da Administración de xustiza, este citará para comparecencia o Ministerio Fiscal, así como todas as persoas que, segundo os distintos casos, exixan as leis e, en todo caso, a persoa con discapacidade e o menor que teña suficiente madurez e, en todo caso, cando sexa maior de doce anos.

2. Cando cumpra ditame pericial, acordarase de oficio ou por instancia de parte e emitirase antes de que teña lugar a comparecencia. Deberase citar a ela o perito ou peritos que o emitisen, se así se acordase, para responder as cuestións que lles formulen tanto os intervenientes como o xuíz.»

Dezaseis. Suprímese o número 2 e modifícase o número 4 do artigo 65, co texto que se indica:

«4. De se autorizar a realización dalgún acto de gravame sobre bens ou dereitos que pertencen ao menor ou persoa con discapacidade ou a extinción de dereitos reais a eles pertencentes, ordenarase seguir as mesmas formalidades establecidas para a venda, con exclusión da poxa.»

Dezasete. Dáse nova redacción á sección 3.^a do capítulo II do título III co texto que se indica:

«Sección 3.^a Das medidas de protección relativas ao exercicio inadecuado da potestade de garda ou de administración dos bens do menor ou persoa con discapacidade»

Artigo 87. Ámbito de aplicación, competencia e lexitimación.

1. Aplicaranse as disposicións desta sección para adoptar medidas en relación co exercicio inadecuado da potestade de garda de menores ou persoas con discapacidade ou coa administración dos seus bens nos casos a que se refiren os artigos 158, 164, 165, 167, 200 e 249 do Código civil ou as disposicións análogas da lexislación civil aplicable. E, en concreto:

- a) Para adoptar as medidas de protección dos menores establecidas no artigo 158 do Código civil.
- b) Para adoptar as medidas previstas no artigo 249, último parágrafo, do Código civil en relación coas persoas con discapacidade.
- c) Para nomear un administrador xudicial para a administración dos bens adquiridos polo fillo por sucesión en que o pai, a nai ou ambos fosen xustamente desherdados ou non puidesen herdar por causa de indignidade e non designase o causante persoa para iso, nin puidese tampouco desempeñar a dita función o outro proxenitor.
- d) Para atribuírlles aos proxenitores que carezan de medios a parte dos froitos que en equidade proceda dos bens adquiridos polo fillo por título gratuito cando o dispoñente ordenase de maneira expresa que non fosen para eles, así como dos adquiridos por sucesión en que o pai, a nai ou ambos fosen xustamente desherdados ou non puidesen herdar por causa de indignidade e daqueles doados ou deixados aos fillos especialmente para a súa educación ou carreira.
- e) Para adoptar as medidas necesarias para asegurar e protexer os bens dos fillos, exixir caución ou fianza para continuar os proxenitores coa súa administración ou mesmo nomear un administrador cando a administración dos proxenitores poña en perigo o patrimonio do fillo.

2. Será competente o xulgado de primeira instancia do domicilio ou, na súa falta, da residencia do menor ou persoa con discapacidade. Con todo, será competente para coñecer do expediente o xulgado de primeira instancia que coñecese do inicial:

- a) Se o exercicio conxunto da patria potestade por parte dos proxenitores ou a atribución da garda e custodia dos fillos fose establecido por resolución xudicial, así como cando estivesen suxeitos a tutela.
- b) Cando a medida de apoio da persoa con discapacidade fose provista xudicialmente.

3. As medidas a que se refire este capítulo adoptaranse de oficio ou por instancia do propio menor ou persoa con discapacidade, de calquera parente ou do Ministerio Fiscal. Cando se soliciten respecto dunha persoa con discapacidade, poderán ser adoptadas, así mesmo, por instancia de calquera interesado.

Artigo 88. Resolución.

Se o xuíz considerar procedente a adopción de medidas, resolverá o que corresponda designando persoa ou institución que, de ser o caso, deba encargarse da custodia do menor ou do apoio á persoa con discapacidade, adoptará as medidas procedentes no caso conforme o establecido na lexislación civil aplicable e poderá nomear, se proceder, un defensor xudicial.

Artigo 89. *Actuación en casos de tutela e curatela.*

Nos casos de tutela do menor ou curatela da persoa con discapacidade, o xuíz que coñecese do expediente remitirá testemuño da resolución definitiva a quen coñecese do nomeamento de titor ou do curador, respectivamente, cando sexa un distinto.»

Dezaioito. Modifícase a letra b) do artigo 93.2 como segue:

«b) Os titores, os curadores representativos e, de ser o caso, os defensores xudiciais, para aceptar sen beneficio de inventario calquera herdanza ou legado ou para repudialos.»

Dezanove. Modifícase o número 2 do artigo 94 como segue:

«2. Poderán promover este expediente os chamados á herdanza e os acredores do herdeiro que repudiasen a herdanza.

Se os chamados fosen menores, poderá promovelos quen exerza a súa representación e, na súa falta, o Ministerio Fiscal.

Se se tratar de persoas con discapacidade provistas de medidas de apoio representativo para este tipo de actos, poderán promovelos aqueles que exerzan o apoio.

Así mesmo, poderá promovelos o defensor xudicial se non se lle deu a autorización no nomeamento.»

Vinte. Substitución de termos.

1. No punto X, parágrafo 10, da exposición de motivos, na rúbrica do capítulo VII do título II e nos artigos 4, 18.2.4.^a, 19, 23, 26, 40.2, 59, 60, 65.1 e 85, as expresións «persoa con capacidade modificada xudicialmente» e «persoa coa capacidade modificada xudicialmente» substitúense por «persoa con discapacidade con medidas de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica».

2. Nos artigos 28, 29 e 30, a expresión «persoas con capacidade modificada xudicialmente ou por modificar» substitúese por «persoa con discapacidade».

3. Na rúbrica do capítulo VIII do título II e nos artigos 2.3, 5 e 90.5, a expresión «persoas con capacidade modificada xudicialmente» substitúese por «persoas con discapacidade con medidas de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica».

4. No artigo 139.2, a expresión «persoas con capacidade modificada xudicialmente para a libre administración dos seus bens» substitúese por «persoas con discapacidade con medidas de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica.»

Artigo oitavo. *Modificación do Código de comercio.*

O Código de comercio queda modificado como segue:

Un. O artigo 4 queda redactado como segue:

«Artigo 4.

Terán capacidade para o exercicio habitual do comercio as persoas maiores de idade e que teñan a libre disposición dos seus bens.»

Dous. O artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5.

Os menores de dezaioito anos poderán continuar, por medio dos seus gardadores, o comercio que exercen os seus pais ou os seus causantes. Se os gardadores careceren de capacidade para comerciar, ou tiveren algunha

incompatibilidade, estarán obrigados a nomear un ou máis factores que reúnan as condicións legais, quen os suplirán no exercicio do comercio.»

Tres. O artigo 234 queda redactado como segue:

«Artigo 234.

Na liquidación de sociedades mercantís en que teñan interese persoas menores de idade, obrarán o pai, a nai ou o titor destas, segundo os casos, con plenitude de facultades como en negocio propio, e serán válidos e irrevogables, sen beneficio de restitución, todos os actos que os devanditos representantes outorgaren ou consentiren polos seus representados, sen prexuízo da responsabilidade que aqueles contraian para con estes por ter obrado con dolo ou negligencia.»

Disposición adicional primeira. *Réxime de colaboración entre a Administración de xustiza e as entidades do terceiro sector de acción social.*

1. O Ministerio de Xustiza ou as comunidades autónomas que teñan transferidos os servizos en materia de administración de xustiza poderán recoñecer como entidades do terceiro sector de acción social colaboradoras da Administración de xustiza aquelas organizacións ou entidades que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas como entidades de ámbito estatal ou autonómico e, cando cumpra, debidamente rexistradas no correspondente rexistro administrativo de ámbito estatal ou autonómico en función do tipo de entidade de que se trate.
- b) Carecer de fins de lucro ou investir a totalidade dos seus beneficios no cumprimento dos seus fins institucionais non comerciais.
- c) Desenvolver actividades de interese xeral, considerando como tales, para estes efectos, o impulso do recoñecemento e o exercicio dos dereitos civís, así como dos dereitos económicos, sociais ou culturais das persoas e grupos que sofren condicións de vulnerabilidade ou que se encontran en risco de exclusión social, de acordo co establecido no artigo 2.1 da Lei 43/2015, do 9 de outubro, do terceiro sector de acción social.
- d) Calquera outro que se dispoña legal ou regulamentariamente.

2. As entidades do terceiro sector de acción social colaboradoras coa Administración de xustiza poderán desempeñar as seguintes actuacións:

- a) Informar, auxiliar, asistir, achegar coñecemento experto e, en xeral, cooperar coa Administración de xustiza nas materias propias do seu ámbito, nos termos que se determinen regulamentariamente.
- b) Actuar como interlocutores ante o departamento ministerial ou autonómico responsable da xustiza a través dos seus órganos de participación e consulta, nos termos previstos na normativa que resulte de aplicación.
- c) Colaborar coa Administración de xustiza no deseño, desenvolvemento e aplicación de todo tipo de iniciativas, programas, medidas e accións que redunden na mellora do servizo público da xustiza e da percepción que a cidadanía ten del.
- d) Calquera outra que se determine regulamentariamente.

3. O procedemento para o recoñecemento como entidades do terceiro sector de acción social colaboradoras da Administración de xustiza e a concreción dos dereitos e obrigas que o dito recoñecemento comporta estableceranse regulamentariamente.

En todo caso, a resolución de recoñecemento como entidade do terceiro sector de acción social colaboradora coa Administración de xustiza, así como a súa revogación, serán obxecto de publicación no «Boletín Oficial del Estado» ou no diario oficial da comunidade autónoma correspondente.

Disposición adicional segunda. *Formación en medidas de apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica.*

1. O Ministerio de Xustiza, o Ministerio do Interior, o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais, no ámbito das súas respectivas competencias, asegurarán unha formación xeral e específica, en medidas de apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica, nos cursos de formación de xuíces e maxistrados, fiscais, letrados da Administración de xustiza, forzas e corpos de seguridade, médicos forenses, persoal ao servizo da Administración de xustiza e, de ser o caso, funcionarios da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que desempeñen funcións nesta materia.

2. Os colexios de avogados, de procuradores e de graduados sociais impulsarán a formación e sensibilización dos seus colexiados nas medidas de apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica. Así mesmo, o Consello Xeral do Notariado e o Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e Bens Mobles de España impulsarán a formación e sensibilización nas ditas medidas de notarios e rexistradores, respectivamente.

Disposición transitoria primeira. *Privacións de dereitos actualmente existentes.*

A partir da entrada en vigor da presente lei, as meras privacións de dereitos das persoas con discapacidade, ou do seu exercicio, quedarán sen efecto.

Disposición transitoria segunda. *Situación de titores, curadores, defensores xudiciais e gardadores de feito. Situación da patria potestade prorrogada ou rehabilitada. Situación das declaracións de prodigalidade.*

Os titores, curadores, con excepción dos curadores dos declarados pródigos, e os defensores xudiciais nomeados baixo o réxime da lexislación anterior exercerán o seu cargo conforme as disposicións desta lei a partir da súa entrada en vigor. Aos titores das persoas con discapacidade aplicaráselles as normas establecidas para os curadores representativos; aos curadores dos emancipados cuxos proxenitores falecesen ou estivesen impedidos para o exercicio da asistencia previda pola lei e dos menores que obtivesen o beneficio da maior idade aplicaráselles as normas establecidas para o defensor xudicial do menor.

Quen viñese actuando como gardador de feito suxeitará a súa actuación ás disposicións desta lei.

Quen exerza a patria potestade prorrogada ou rehabilitada continuará exercéndoa ata que se produza a revisión a que se refire a disposición transitoria quinta.

As medidas derivadas das declaracións de prodigalidade adoptadas de acordo coa lexislación anterior continuarán vixentes ata que se produza a revisión prevista na disposición transitoria quinta. Ata ese momento, os curadores dos declarados pródigos continuarán exercendo os seus cargos de conformidade coa lexislación anterior.

Disposición transitoria terceira. *Previsións de autotutela, poderes e mandatos preventivos.*

As previsións de autotutela entenderanse referidas á autocuratela e rexeranse por esta lei.

Os poderes e mandatos preventivos outorgados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei quedarán suxeitos a esta. Con todo, cando, en virtude do artigo 259, se apliquen ao apoderado as regras establecidas para a curatela, quedarán excluídas as correspondentes aos artigos 284 a 290 do Código civil.

Cando a persoa outorgante queira modificalos ou completalos, o notario, no cumprimento das súas funcións, se for necesario, deberá procurar que aquela desenvolva o seu propio proceso de toma de decisións axudándoa na súa comprensión e razoamento e facilitando que poida expresar a súa vontade, desexos e preferencias.

Disposición transitoria cuarta. *Substitucións realizadas en virtude do artigo 776 do Código civil.*

Cando se nomease substituto en virtude do artigo 776 do Código civil, no caso de que a persoa substituída falecese con posterioridade á entrada en vigor da presente lei,

aplicarase o previsto nesta e, en consecuencia, a substitución deixará de ser exemplar, sen que poida suplir o testamento da persoa substituída. Non obstante, a substitución entenderase como unha substitución fideicomisaria de residuo en canto aos bens que o substituínte lle transmitise a título gratuito á persoa substituída.

Disposición transitoria quinta. *Revisión das medidas xa acordadas.*

As persoas con capacidade modificada xudicialmente, os declarados pródigos, os proxenitores que exerzan a patria potestade prorrogada ou rehabilitada, os titores, os curadores, os defensores xudiciais e os apoderados preventivos poderán solicitar en calquera momento da autoridade xudicial a revisión das medidas que se establecesen con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, para adaptalas a esta. A revisión das medidas deberase producir no prazo máximo dun ano desde a dita solicitude.

Para aqueles casos onde non existise a solicitude mencionada no parágrafo anterior, a revisión realizaraa a autoridade xudicial de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal nun prazo máximo de tres anos.

Disposición transitoria sexta. *Procesos en tramitación.*

Os procesos relativos á capacidade das persoas que se estean tramitando no momento da entrada en vigor da presente lei rexeranse polo disposto nela, especialmente no que se refire ao contido da sentenza, e conservarán en todo caso a súa validez as actuacións que se practicasen ata ese momento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan, se opoñan ou resulten incompatibles co disposto na presente lei.
2. En particular, queda derogada toda regulación da prodigalidade contida en calquera norma do ordenamento xurídico.
3. Así mesmo, quedan derogados expresamente os artigos 299 bis e 301 a 324 do Código civil.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Modifícase a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o primeiro parágrafo da regra 1.^a do artigo 118, que queda redactado como segue:

«1.^a Nos casos dos números 1.^o e 3.^o, é tamén responsable polos feitos que executen os declarados exentos de responsabilidade penal quen exerza o seu apoio legal ou de feito, sempre que mediase culpa ou negligencia pola súa parte e sen prexuízo da responsabilidade civil directa que puiden corresponder aos inimputables.»

Dous. Modifícase o ordinal 1.^o do artigo 120, que queda redactado como segue:

«1.^o Os curadores con facultades de representación plena que convivan coa persoa a quen prestan apoio, sempre que haxa pola súa parte culpa ou negligencia.»

Tres. Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada como segue:

«Cando una persoa sexa declarada exenta de responsabilidade criminal por concorrer algunha das causas previstas nos ordinais 1.^o e 3.^o do artigo 20, o Ministerio Fiscal avaliará, atendendo ás circunstancias do caso, a procedencia de promover un proceso para a adopción xudicial de medidas de apoio á persoa con discapacidade ou, no caso de que tales medidas fosen xa anteriormente acordadas, para a súa revisión.»

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

A presente lei dítase ao abeiro dos seguintes títulos competenciais:

Os artigos primeiro, terceiro e sexto dítanse ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado en materia de ordenación dos rexistros e instrumentos públicos, conforme o artigo 149.1.8.^a da Constitución.

Os artigos segundo e quinto e as disposicións transitoria primeira, segunda e terceira dítanse ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado en materia de lexislación civil, conforme o artigo 149.1.8.^a da Constitución.

Os artigos cuarto e sétimo, así como as disposicións transitorias quinta e sexta dítanse ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado en materia de lexislación procesual, de acordo co artigo 149.1.6.^a da Constitución.

As disposicións adicionais dítanse ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado en materia de Administración de xustiza, de acordo co 149.1.5.^a da Constitución.

A disposición derradeira primeira dítase ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado en materia de lexislación penal, de acordo co artigo 149.1.6.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 2 de xuño de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN